

As formas de dativo e a expresión do número en galego medieval: *lle / lles, llo / llelo*

Rosario Álvarez
Universidade de Santiago de Compostela

No modelo de lingua galega proposto como estándar, e por tanto no prescrito pola gramática e difundido polo ensino¹, vén descrita a oposición entre *lle* e *lles*, singular e plural respectivamente do pronome átono dativo de terceira persoa: *¿Que lle importa a ela o xornal que lles pagaban ós obreiros?* Nas mesmas descrições engádesse que, en concorrencia coas formas do pronome átono acusativo de terceira persoa, o sistema presenta as formas *llo / lla / llos / llas* ('o / a / os / as a el, a ela ou a vostede': *non quería darlle pousada a aquel lacaceiro, pero deulla*), opostas a *llelo / llela / llelos / llelas* ('algo a eles, a elas ou a vostedes': *mi-re, se vostedes as queren, tamén llelas damos*). E, consonte a normativa oficial, que aconsella o uso da segunda forma do artigo mesmo a efectos gráficos², indícase ademais que da concorrencia de *lles* con esta xorden as formas *lle-lo / lle-la / lle-los / lle-las* (*leveille o recado a Pacucho / déille-lo aceite ós teus curmáns*).

O sistema garda, xa que logo, unha simetría perfecta, pois *lle* compórtase igual cós dativos de singular das outras persoas, tamén rematados en *-e* (*me* e *che*), en tanto que *lles* segue exactamente o modelo dos outros dativos de plural, rematados en *-s* (*nos* e *vos*):

¹ Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 1982.

² A representación gráfica da segunda forma do artigo (*lo, la, los, las*) debe facerse tralo infinitivo e tralas formas verbais conxugadas que rematan en /r/ e /s/ (*imos cobra-la paga, ti cóbra-la paga*), tralos pronomes *nos, vos* e *lles* enclíticos (*déronno-lo premio, recolléronvo-las cartas, díxenlle-la verdade*), tras *ambos / -as, entrambos / -as* e *todos / -as* dentro da mesma frase (*ámbalas marxas, tódolos presentes*), tralas preposicións *por* e *tras* (*polas noites, tralos seus pasos*), trala conxunción copulativa (*e*) mais (*ti e mailo meu compañeiro*) e combinado co adverbio *u* (*¿U-lo gato?*). Vid. RAG & ILG, *Normas*, pp. 53-55.

<i>déronme traballo</i>	<i>déronme o traballo</i>	<i>déronmo</i>
<i>déronche traballo</i>	<i>déronche o traballo</i>	<i>déroncho</i>
<i>déronlle traballo</i>	<i>déronlle o traballo</i>	<i>déronllo</i>
<i>déronnos traballo</i>	<i>déronno-lo traballo</i>	<i>déronnolo</i>
<i>déronvos traballo</i>	<i>déronvo-lo traballo</i>	<i>déronvolo</i>
<i>déronlles traballo</i>	<i>déronlle-lo traballo</i>	<i>déronllelo</i>

Mais na práctica diaria é frecuente atoparmos na lingua estándar, tanto oral coma escrita, exemplos de utilización das formas propias do singular en lugar das correspondentes de plural³, aínda nos rexistros máis coidados por autores, correctores ou editores:

e habíamos facer rir a casadas e solteiras, ho, e se tal inda lle ía caír a máis de catro unha moxegada ou unha loita ao lle referirmos como abranguerámo-las meigas na cocíña de seu. (Arraianos, pp. 52-53).

porque só sofren cando alguén lles arrapaña calor do corazón e, desesperados, intentan recuperalo e non escamotean favores para que llo devolvan (Reliquias, p. 62).

non crea que me enganan. O que pasa é que vostedes están a artellar unha folga, ¿non é? ¡Descubrinlle o segredo, eh! (Trailer, p. 179).

A explicación destes “erros” está na falta de correspondencia total entre o modelo proposto como estándar e o da lingua falada espontaneamente por unha parte relativamente importante do pobo. En efecto, como xa temos sinalado noutros lugares⁴, para unha parte de Galicia a forma *lles*, aínda que coñecida, é inusual entre os falantes espontáneos; e a presenza do galego no ensino obrigado, de curta tradición, non deu aínda froitos na xeneralización destas formas do modelo normativo a todo o territorio. Ocorre isto nunha ampla zona que abrangue as provincias de Pontevedra e Ourense, a zona galega de Zamora, os dous tercios occidentais da provincia da Coruña e unha estreita franxa que ocupa de leste a oeste o sur na provincia de Lugo⁵. Podemos caracterizar, por tanto, a rendibilidade da oposición *lle / lles* como un trazo lugués, pois ocupa case toda a provincia de Lugo e mailos territorios coruñés, asturiano e leonés limítrofes.

Advírtase que ningún dos dous sistemas galegos coincide co do portugués patrón. Partindo da descrición destas tres variantes modernas, propoñémonos afondar no estudo destas formas no toro medieval para busca-la orixe desta diversidade e mailas bases dunha explicación gramatical da mesma máis satisfactoria da que fornecen tanto as nosas gramáticas históricas coma as portuguesas modernas.

³ Referímonos unicamente ó do dativo. Prescindiremos da análise do número no acusativo, que non presenta nunca problemas.

⁴ Véxase, especialmente, Álvarez, *O pronome*, pp. 136-142, e Álvarez et alii, *Gramática*, p. 164.

⁵ Vid. Álvarez, *O pronome*, pp. 141-142 (mapa 38), e ALGa, Vol. II, mapa 182.

1. SITUACIÓN ACTUAL EN GALEGO E EN PORTUGUÉS

1.1. A “área luguesa”

Na área delimitada anteriormente é xeral a distinción entre *lle* / *lles*, e en consecuencia entre *llo* / *llelo* (*lleslo*, coma *noslo* e *voslo*, en parte do galego de Asturias), e *lle o* / *lle-lo*:

“Aforrai e traballai”, dicíalles meu pai ós Tomazos (Ferreiravella-Riotorto-LU)⁶.

Xa llelos demos ós pícaros (Corbelle-Vilalba-LU).

e chamuscámoslle-los bihotes a todos (Gaibor, Begonte, 133).

Con todo, en circunstancias contextuais determinadas tamén é posible recoller *lle* por *lles*, en contra da práctica común:

E nosoutros primeiro bamos comer nós antes de lle dar ós outros (Gaibor, Begonte, 121).

Leba unhes trociños de madeira que s’aperta na fura, que lle chaman os pezuños (Zolle, 204).

¿E como lle chamaban ás parexas que iban diante? (Fonfría-A Fonsagrada-LU).

Na mesma zona, o uso de formas de singular con valor de plural adquire maior forza e frecuencia en concorrencia co pronome acusativo (*llo* por *llelo*) e, sobre todo, co artigo:

i había outros rapaces escutiando por unha ventá que había e pensaron que llo tiraba a eles (O Trobo-A Fonsagrada-LU).

Entonces foi e comprulle os traxes iguales ós sete nenos (Castelo, Sarria, 277).

Cómpre indicar que ó sur da liña que une Taboada con Pedrafita se rexistra con certa constancia *lles* en toda a franxa contigua, mais non existen nin *llelo* nin *lle-lo*⁷.

A combinación *lle-lo* presenta ademais outros problemas engadidos, derivados do uso que se faga da segunda forma do artigo, tanto na lingua escrita coma na lingua oral, pois ademais das xa indicadas *lle-lo* e *lle o*, pódese rexistra-la secuencia *lles o*:

Téñome ás veces pos asta cabreado con algunhos e chamarlles a atención a moitos (O Vicedo-O Vicedo-LU).

E entonces empez’ a ‘mbicadar nos capós. / -A meterlles o bolo, a cada capón; voulles dando, prim... empezo por un e... e... hai que ire... levar o control de que todos, de lles dar a todos iguales, más ou menos (Gondáisque-Vilalba-LU).

1.2. As outras áreas galegas

No resto do territorio úsase *lle* para singular e plural, en calquera contexto sintáctico ou informativo:

⁶ Citamos deste xeito os datos tomados de gravacións: as derradeiras letras corresponden á provincia (CO: A Coruña, LU: Lugo, OU: Ourense, PO: Pontevedra); seguindo en dirección dereita-esquerda, seguen o nome do concello (Riotorto) e o da parroquia (Ferreiravella); de ser preciso, estarán precedidos aínda do nome da aldea ou lugar. Cando os textos orais teñen procedencia bibliográfica, citámoslos pola abreviatura do título (p. ex. *Begonte*), mais non renunciamos a indicar parroquia e lugar se iso é posible e de interese (p. ex. *Gaibor*).

⁷ Vid. Álvarez, *O pronome*, pp. 71-76 (mapa 23), e *ALGa*, Vol. II, mapa 183.

Parecen cáusolas desas de comere, de lle dar ós enfermos (Trasmonte-Ames-CO).
Ás nosas tamén lle pasaba igual (Cances-Carballo-CO).
I ó estar ben secas, e podendo ser antes de beixalas, faguerlle xa un lume bo pa que beixasen algo quentes (Arnoia-Arnoia-OU).

Así a todo, non pode dicirse que nesta zona se descoñeza por completo a forma *lles*, que pode aparecer en calquera lugar, se ben moi esporadicamente e axudada por determinadas circunstancias contextuais:

Teñen montóns de cousas. ¿ti sábes o que lles mandan de alá os... os reis de alá? Mándanlle canta cousa hai (San Andrés de Cesar-Caldas de Reis-PO).
Nós as filloas facémolas con [...], e botámoslles güevos, hai quen lles bota anís, outros bótanlles canela e, en fin, cada un bóitalle á súa maneira (Bragade-Cesuras-CO).
E pra ofender aos da festa xa lles viñan decindo “o que me dea un pau doulle un peso” (Freás de Eiras-Ramirás-OU).

Agora ben, en ningún lugar dese territorio se rexistran, sequera esporadicamente, nin *llelo* nin *lle-lo*. Tanto na súa declaración en enquisa coma no uso espontáneo recollido nos textos, os falantes desta ampla zona demostran coñecer, respectivamente, só *llo* e *lle o* (*ll'o*) e as súas variantes:

Tírannos calquera cousa pra que non lle roubemoh as canzelas, e iso que nós lebámosll'os carros pero non llos rompemos, non, lebámosllos pa dondes temos a foheira pero non llos rompemos (Vincios, 232).
Hai que andar sempre rifando coiles. Bueno, non rifándolle sinón chamándolle a atención (Ordelles-Esgos-OU).
Eu sei que eran da montaña, chamábanñ'as Montañesas (Fefiñáns-Cambados-PO).

1.3. Portugués

O portugués moderno descrito nas gramáticas parece estar entre as dúas situacións galegas que acabamos de expoñer: dunha banda mantén a distinción entre *lhe* / *lhes*, coma no cadrante nororiental de Galicia: *Soube inspirar-lhe confiança* ('a ele, a ela, a você, a si') / *Soube inspirar-lhes confiança* ('a eles, a elas, aos senhores'); doutra, presenta unicamente a forma *lho* / *lha* / *lhos* / *lhas* para a concorrencia co pronome acusativo, sexa singular ou plural a persoa do complemento indirecto: *Louvei-lhos* ('a ele ou a eles, a ela ou a elas'). Como o portugués moderno estándar non recolle a antiga segunda forma do artigo⁸, do encontro de pronome dativo e artigo determinado só pode resultar *lle o* / *a* / *os* / *as* e *lles o* / *a* / *os* / *as*: *pediu-lhe o termo da luta* (a ele, a ela, a vostede), *pediu-lhes o termo da luta* (a eles, a elas).

As gramáticas do portugués moderno, ou omiten todo comentario sobre a irregularidade do seu sistema, ou se limitan a sinala-la anormalidade, ou atribúena, en comentarios mar-

⁸ Parece que pervive nalgúns falares ou en sintagmas concretos, mais as referencias á súa vixencia son xeralmente vagas: “aparece hoje, como artigo, em construções estereotipadas do tipo *mai-lo* (= *mais o*), ocorrentes em falares de Portugal” (Cunha & Cintra, p. 208); “L’ ancienne forme *lo* se maintient dans la langue populaire après les mots (surtout après les verbes), terminés par *-s*, *-r*, qui tombent: *vê-las festas* «ver (ou *vês*) as festas», *vê-lo pai* «ver (ou *vês*) o pai»” (Vasconcellos, *Esquisse*, p. 108).

xinais e polo xeral de redacción vaga, a unha herdanza de características non ben explicadas da lingua antiga.

Así lemos en Mateus et alliae⁹ que “a seguir às formas verbais terminadas em *r*, *s* ou *z*, ou seguir aos pronomes *nos* e *vos*, os pronomes pessoais acima indicados tomam as formas *lo / los / la / las*, deixando de se pronunciar a consoante final que é totalmente assimilada pela consoante inicial do pronome (exs.: A sopa, é preciso comê-*la*. Achámo-*lo* no jardim. Esse livro, trá-*lo* para aqui. Esses livros, eles já no-*los* deram). Estas formas dos pronomes pessoais são historicamente motivadas”. Obsérvese que se esgrimen condicionamentos fonolóxicos históricos para explica-la variación mórfica actual tras *nos* e *vos*, pero non se fai ningunha indicación de por que esa mesma motivación “histórica” non é aplicable á forma usada tras *lles*.

Pola súa banda, Cunha & Cintra¹⁰ sinalan que “As combinações *lho*, *lha* (equivalentes a *lhes + o*, *lhes + a*) e *lhos*, *lhas* (equivalentes a *lhes + os*, *lhes + as*) encontram sua explicação no facto de na língua antiga, a forma *lhe* (sem *-s*) ser empregada tanto para o singular coma para o plural. Originariamente, eram, pois, contracções em tudo normais”. Explicación que consideramos insuficiente, e por iso non correcta, pois induce a pensar que na Idade Media non existía *lles* ou que era tan infrecuente que o paradigma se fixou ignorando unha existencia marxinal naquela altura.

Na asunción xeral de que na lingua medieval se usaba *lle* (*lhe*) por *lles* (*lhes*), chégase mesmo a afirmacións tan esaxeradas coma a de Câmara¹¹, cando afirma que o plural *lhes* é formación recente que falta aínda no inicio da época clásica. Certamente é posible recoller *lle~lhe* por *lles~lhes* en tódalas épocas do idioma, tamén no inicio da época clásica, mais iso non significa que non exista amplísima documentación de *lles~lhes* anterior.

Da bibliografía gramatical portuguesa nunca é doado obter información sobre as características da linguaxe coloquial ou popular que se apartan das formas e usos prescritos como normativos, polo que non nos é posible sabermos ata que punto a descrición do portugués patrón abonda para coñecermos todo o que ocorre no portugués actual con respecto ó problema que nos ocupa. Temos, si, o testemuño de J. J. Nunes¹² sobre o período moderno da lingua portuguesa -que por outra parte é doado verificar nos textos clásicos-, e sobre a lingua actual, mais sen datos acerca da súa extensión, frecuencia de uso ou consideración sociolingüística: “Note-se, todavia, que mesmo nos escritores do período moderno da língua não é raro encontrar-se o singular em vez do plural, embora referido a mais de uma pessoa, e esse uso ainda persiste, quando o pronome está seguido de *os* ou *as*, dizendo-se *lhos* ou *lhas* em vez de

⁹ Mateus et alliae, p. 279 (mantense en 3ª ed., 1992, p. 370).

¹⁰ Cunha & Cintra, p. 310; a explicación só vale, como conxectura, se por “lingua antiga” se entende unha fase moi anterior á que testemuñan os textos en romance que chegaron a nós. Véxase tamén Silveira, *Lições*, p. 151.

¹¹ Câmara, p. 99.

¹² Nunes, p. 239.

lhes os, lhes as; também a linguagem hodierna conhece e emprega apenas o singular, quer referíndose a um, quer a muitos individuos; atribui-se o facto a analogia com o reflexo, que também não conhece plural, como já não o possuía no latim clássico”.

Que na lingua popular, polo menos no norte do país, existe o uso de *lhe* e *le* por *lhes* e *les*, demóstrano os seguintes exemplos:

*Rapazes e raparigas / Guardai o que vosso é: / As que num canto nem danso / tambem lhe es-corra o pé*¹³ (Barcelos, p. 94).

Voltaram por onde Herodes: / Que o iam visitar; / Herodes lhe diz: / Que andais a procurar? (Barcelos, p. 32).

Téinde'los dèintinhos ralos, / Metei-le crabos no meio (Baião, *Opúsculos*, p. 43)¹⁴.

Cortou as pelantas tôdas, e botou-as ó monte, e botou-l'o fogo (Baião, *Opúsculos*, p. 45).

e tôd'los m'êus amigos e toda j'ênte qu'apragunta por mim, dae-le muntas besitas (Póvoa de Varzim, *Opúsculos*, p. 295).

E às mulheres faziã uns abarqueiros que lhe durabã dous anos, è huje já che trajem çapatos è çoques com brochas marelas (Castro Leboeiro, *Opúsculos*, p. 368).

Non temos noticia da existencia de *lhelo* nin *lhe-lo* en ningún lugar do territorio portugués actual; é probable que non existan na actualidade, mais non son completamente descartables na lingua popular, a teor das palabras de Leite de Vasconcellos (vid. nota 8).

2. SITUACIÓN NA LINGUA ANTIGA

Ante esta diversidade de solucións moderna, cómpre investiga-las orixes do fenómeno e o seu progresivo desenvolvemento, para así podermos establecer se os distintos subsistemas foron xerados a partir dunha solución común anterior, que conviría datar, ou se son de antigüidade parella; e, máis concretamente, se os feitos que diferencian hoxe as áreas galegas descritas constituían un trazo dialectal xa na Idade Media, ou se se foron consolidando con posterioridade en cadanseu territorio.

Para o seu estudio baseámonos nun amplo corpus, aínda que necesariamente parcial, tirado de textos galegos antigos, ben literarios en calquera dos seus xéneros, ben documentais. A súa análise debера permitirmos non só describi-lo comportamento de *lle / lles, llo / llelo* nesa altura, senón establecer se as diverxencias actuais teñen a súa orixe en épocas tan recuadas. Non expurgamos textos antigos portugueses, salvo os documentais ofrecidos por Maia ou os literarios de difícil adscripción (Cancioneiros), a pesar de sermos conscientes da importancia de coñece-la evolución na lingua irmá; esa tarefa excedería os límites do noso territorio e desta contribución, e por iso a información que eventualmente achegamos é sobre todo de procedencia bibliográfica.

¹³ Os segmentos en redonda foron destacados polo autor. En Barcelos, “O *m* final desaparece sempre nos subst. e muitas vezes nos verbos: home, tapage, virge, onte, passage, viaje; louvo, roubo (louvam, roubam) louvaro, roubaro (louvaram, roubaram)” (Barcelos, p. 178).

¹⁴ Vasconcellos aclara en nota ó pé “*le* serve para sing. e pl., como o arcaico *lhe*”.

2.1. As formas

Do estudio das distintas variantes formais dedúcese que estas responden en boa medida a espazos e tempos diferentes, e mais que para a oposición singular / plural hai formas diferenciadas desde os primeiros textos.

2.1.1. Formas de singular

A época medieval ofrécenos unha grande variedade formal, que evidencia a antigüidade do proceso de palatalización operado, coas dificultades de representación gráfica do fenómeno, e mailo proceso de atonización operado, coa acomodación subseguinte a unhas pautas fonolóxicas que evitan o remate en determinadas vocais átonas. Así, recolleemos para o singular *le, li, lj, l', lle, lli, llj, ll', lhe, lhi, lh'*; e para o plural *les, lis, ljs, lles, llis, lljs, lhes, lhis*.

A forma de singular procede do dativo latino *ILLI*, que coa perda do primeiro segmento e a simplificación de *-LL-* dá lugar a *li~lj*, punto de arrinque de tódalas outras variantes, así coma das formas de plural.

En posición antevocálica, e singularmente en concorrencia co pronome acusativo, a consoante /l/ sufriu un proceso de palatalización en /ʎ/ ¹⁵ (*ll'~lli~lle*), axiña estendido á posición anteconsonántica. A través das graffas medievais non é doado obtermos datos precisos sobre a palatalización, pois nos textos do século XIII tanto pode ocorrer que *ll* e *lh* representen a lateral alveolar (*reçeby delhes polha dita leyra* 1282 Maia, Maia 137.12; *publlico tabellion* 1282 Maia, Maia 137.12), coma que *l* grafíe a lateral palatal (*a uossa moler* 1255 Portomarín, Maia 19.5), sen esquecermos que este fonema podía ser representado tamén polo dígrafo *li* (*filia de Berto* 1255 Portomarín, Maia 19.3) e mais por *lli* (*seu fillio* 1274 Monterrei, Maia 53.27). Así e todo, permíttenos afirmar que a palatalización era un feito consumado no momento do acceso do galego á escrita, e que probablemente a maior frecuencia inicial das formas con *l-* sexa atribuíble á falta de consenso nunha graffía específica para o novo son¹⁶.

Axiña xurdiron as formas rematadas en *-e*, analóxicas das dos pronomes de primeira e segunda persoas e propiciadas pola alomorffía destas¹⁷: *et nõ le ualue* (1234-1236? Sobrado, Martínez 4.11), *quele derriuarã pedras* (1258-1261 Monfero, Martínez 33.20), *que lle eu di zi* (1258 San Cibrao, Maia 21.11). En efecto, no século XIII, xunto a *me* (< ME) e *te* (< TE), desenvolvéronse as variantes minoritarias *mi* e *ti* a partir de contextos antevocálicos; as equivalencias *quanto mi / ti achou = quanto me / te achou*, *quanto mi / ti deron = quanto me / te deron* abundan para explicar que se establecese por analoxía *quanto li~lli achou = quanto le~lle achou*, *quanto li~lli deron = quanto le~lle deron*.

¹⁵ Do mesmo xeito que *te* deu lugar a *te* (acusativo e reflexivo) e mais a *che* (dativo).

¹⁶ Para o uso de *l* como representación do son palatal, e para as restantes graffas dos sons laterais, véxase Maia, pp. 494-500.

¹⁷ Cintra opina que *li* e *lhi*, coma *mi* e outras, se formaron por cambio de *-e* en *-i* (*Castelo Rodrigo*, § 4.D).

A “restitución” da vocal *-e* estaría apoiada, ademais, por aqueles casos en que a posición antevocálica provocaba a elisión da vocal do pronome: *quéronm’ir = quérome ir*, propicia sen dúbida *disse-l’assi = disse-le assi, que ll’aquel gaffo = que lle aquel gaffo*; e, sobre todo, polos resultados da concorrencia de pronome dativo e pronome acusativo: se *mio~mho~mo* remiten a *me+o* e *tio* a *te+o*, *cho* e *llo~lho~llo* deben facelo a *che+o* e *lle~lhe+o*, respectivamente. Debe terse en conta, ademais, que nesa altura debía estar moi avanzada a perda de tonicidade inicial que conservaran estas formas; por iso, non sendo / i / vocal que apareza en sílaba final átona, é normal que os sons [e] e [i] nesa posición fosen interpretados como realizacións de / e / .

A forma *li~lj* ocorre esporadicamente en documentos moi temperáns (*deulj. I^a talega... pedirunli ceuada* ¿1242-1252? Caaveiro, Martínez 8.8-10) e no Códice de Toledo das *Cantigas de Santa María*. Pode dicirse que foi esmorecendo na segunda metade do séc. XIII: recóllese aínda na *Traducción*, mais unicamente en seis ocasións (catro na crónica xeral *lj daria* 41.67, *lj dera* 70.16, 85.20, 240.40¹⁸, e dous na crónica de Castilla *lj achassem* 553.15, *li ouuesē* 415.29), fronte á abundancia de ocorrencias das outras variantes. Son máis abundantes os rexistros de *lli~llj~lhi~lhj*, que mantén presenza considerable ata principios do séc. XIV: *creceu-lli tal felonía* (CSM 4.63), *que llj dessem* (1290 Salvaterra, Maia 106.30), *que llj falecerom* (Trad. 815.38), *que lhi entrara* (Trad. 443.14).

Cómpre salientar que os textos localizables xeograficamente revelan que as formas rematadas en *-i* chegaron a constituírse en variantes diatópicas. En comparanza coa ausencia de rexistros noutras zonas, notámo-la primacía das formas en *-i* na parte suroccidental da provincia de Pontevedra ata fins do séc. XIII: *outrossy llj dou* (1278 A Guarda, Maia 98.9), *que llj o dito abbade* (1281 Baiona, Maia 99.5), *lj dessem* (1281 Baiona, Maia 99.15), *que llj am* (1281 Baiona, Maia 99.16), *que eu li desse* (1283 Baiona, Maia 101.11), *que llj desse... que llj dariã* (1287 Pontevedra, Maia 103.34 e 35), *que llj dessem* (1290 Salvaterra, Maia 106.30); na selección de textos presentada por Maia, o primeiro rexistro de *lle* na provincia de Pontevedra está datado en Salvaterra en 1290: *de lle dar os appellos* (Maia 106.60)¹⁹. Na área portuguesa contigua, a xulgar pola mesma colectánea de textos, *lhy~lhj* segue documentándose con vitalidade aínda a mediados do séc. XIV: *peço lhy... e doulhe* (1309 Miragaia, Maia 142.7, 8), *lhe dissessem... lhj desse* (1315 Maia, Maia 145.27, 34), *lhj dou* (1317 Faria, Maia 154.9), *lhj ficarõ* (1345 Maia, Maia 146.9), *damos lhj cõprido* (1348 Cabeceiras de Basto, Maia 162.8); Mattos e Silva²⁰ destaca aínda no trescentos portugués a

¹⁸ Nos catro casos figura *lle* no manuscrito 2497.

¹⁹ A mesma conclusión vale para as formas de plural, cfr. § 2.1.2.

²⁰ Mattos e Silva, p. 214. Cumpriña unha busca máis demorada a través dos textos portugueses para poder avaliar con xusteza a vitalidade desta forma. Nos textos achegados por Maia a forma do dativo só volve documentarse a partir de 1401, daquela xa sempre como *lhe*: media polo tanto medio século entre unhas e outras documentacións. Agora ben, dos textos citados parece deducirse que a forma habitual na primeira metade do séc. XIV era *lhi* e non *lhe*, que aparece moi ocasionalmente, polo que probablemente sexa incorrecta a restauración en *que lhe asuãdera* proposta por Maia (1331 Braga, Maia 156.12). Para a documentación de *li, lhi* en documentos antigos portugueses de diferentes lugares, véxase *Castelo Rodrigo*, § 4.D e § 25.

alta frecuencia destas formas (820 ocorrencias de *lhi*, *lhis*, fronte a 30 de *lhe*, *lhes*), que non ten parangón nas outras persoas. O autor do manuscrito A da *Traducción*, ademais doutros trazos dialectais, presenta con certa frecuencia *llj* (en menor medida *lj*), corrixido sistematicamente en *lle* polo autor do manuscrito A₁, que evidentemente non é da zona suroccidental. Cómpre lembrar a este respecto que *lle* (con menor frecuencia *le*) é a forma do *Cancioneiro da Ajuda* e das *Cantigas de Santa María*, en tanto que nos *Cancioneiros* que parten da compilación do tempo do Conde de Barcelos se recolle, agás excepcións, *lhi*. Na actualidade, tanto en galego coma en portugués, *lli~lhi* (coma a variante dialectal *li*, e *mi*, *ti* ou *chi*, *si*...) só xorde ocasionalmente por fonética sintáctica.

A forma *le*, se ben minoritaria, documéntase desde os inicios ata a fin da Idade Media, sexa porque rexistre na escrita a pervivencia dun / le /, que se mantén dialectalmente ata os nosos días²¹, sexa porque represente graficamente / le / (*et quitole o milo que me deue*, 1318 San Salvador de Coiro, *BolRAG* 100, 63.33). Vallan estes exemplos como mostra do seu espallamento no tempo e no espacio: *que le forcaua* (1261 Monfero, Martínez 40.18), *que le contra ella* (1265 Castro de Rei, Sponer 130.9), *desembargarē le* (1283 Monfero, Martínez 90.8), *mandole ho meu casal* (1290 Monterrei, Maia 58.4), *e le den* (1299 Pontevedra, Maia 114.39), *que nos lle guardemos... ou enbargarle* (1324 Santiago, Martínez 106.6, 29), *que le perteesçĩã* (1352 Compostela, Méndez 57.21), *inda le da* (1402 Montederramo, Martín 18.13), *quanto le soõ* (1419 Caldas de Reis, Maia 134.39), *de le faser çerta* (1457 Rianxo, Tato2 505). Por veces ocorre tamén en textos literarios de marcada galeguidade, mesmo naqueles que traslocen un maior esmero na lingua empregada: *ca l[h]e pesa de a amar* (CA 3407)²², *que mal le vai* (CSM 279.6), *por que xe le alçarõ* (*Trad.* 85.13); nos fragmentos da *Crónica Troiana* que se lle atribúen, Fernán Martís escribe sempre *lle*, pero algún dos seus colaboradores introduce de cando en vez aínda *le*²³.

Mais a forma maioritaria en toda a nosa tradición escrita, sobre todo a partir de mediados do séc. XIII, é *lle~lhe*, a que se impuxo ó cabo tanto en galego coma en portugués: *que lle eu despedi* (1258 San Cibrao, Maia 21.22), *pasardes lle* (1264 A Peroxa, Sponer 188.21), *darmos-lle úij* (1268 Burón, Sponer 122.6), *darenlle quanto leuarē* (1281 Caldelas, Maia 55.14).

2.1.2. Formas de plural

A orixe da forma de plural presenta máis problemas, pois a palatalización da consoante inicial só se pode explicar a partir do singular. Daquela caben dúas posibilidades:

²¹ Moí minoritaria en puntos illados do sur de Galicia e relativamente frecuente na linguaxe popular do norte de Portugal. Véxase Álvarez, *O pronome*, pp. 136-142; *ALGa*, Vol. II, mapa 180; e Vasconcellos, *Esquisse*, p. 107.

²² En cambio, en *CBN lhi*. A propósito desta forma, Michaélis comenta "parece ser hispanismo, ou mero lapso do escrivente" (CA, Glosario s.v.).

²³ R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, p. 130.

a) ILLĪ deriva en *lle*, seguindo o proceso explicado anteriormente, en tanto que ILLĪS tería como resultado *lis*, con consoante alveolar²⁴; a diferencia formal entre singular e plural resolveríase posteriormente a favor da primeira, a non marcada e a maioritaria no uso, que acabaría impondo a súa consoante inicial *ll-* e a súa vocal *-e-*: *lis* > *les*, *llis*, *lles*.

b) *Lles*, segundo o parecer maioritario dos filólogos, formouse posteriormente a partir do singular *lle*, por simple adición do morfema de número²⁵.

Segundo os datos achegados por nós, podemos afirmar que a forma de plural usada coincide xeralmente coa que resultaría de engadirlle o morfema / *-s* / á forma de singular presente nos mesmos textos. Advertimos, así a todo, unha lixeira tendencia conservadora nas formas de plural, pois non é infrecuente que en documentos que alternan para o singular entre *le* e *lle* ou *li* e *lli* se escolla *les* ou *lis* para o plural: *llj o abbade...lj dessem...llj am de dar / lis fezerē* (1281 Baiona, Maia 99), *nos lle guardemos... enbargarle... quello pedirdes / defenderles o señorío* (1324 Santiago, Martínez 105-109); mais tamén non faltan exemplos en que ocorre o contrario: *Demandoules que lle deuian a [...] non le deuian a fasser ffasendeyra [...] que lles deuian* (1260 Castroverde, Sponer 120-121).

A forma *lis*, que ten un marcado carácter primitivo, rexístrase nos textos galegos moi esporadicamente e desaparece antes da fin do séc. XIII, cos últimos rexistros na zona suroccidental: *et deulis una mea talega* (c. 1250 Caaveiro, Martínez 8.11), *ljs fezerū* (1281 Baiona, Maia 99.19), *que lis nō conprey* (1287 Tebra, Maia 102.7).

Les tivo maior fortuna, pois mantense con certa frecuencia ata o derradeiro tercio do séc. XIII; a partir dese momento aparece moi esporadicamente e, como dixemos a propósito de *le*, así ocorre ata a fin da Idade Media²⁶: *nunca les y tornasse* (1257 Monfero, Martínez 23.11), *que les da o bispo* (1267 Portomarin, Sponer 150.16), *que les pedira* (1274 Celanova, Lucas 395), *de que les dauan qujnon* (1277 Burón, Sponer 124.20); *que les Deus en [e]llas*

²⁴ Esta é a tese defendida, entre outros, por Huber, p. 175, e Williams, pp. 154 e 158.

²⁵ Esta é a opinión de Nunes, pp. 238-239: “Quanto ao pronome *lhe*, que no portugués arcaico tamén se escribía e decerto soava *lhi*, a súa forma mais antiga, depois da redución a simples do *l* dobrado e queda, por próclise, do *i* inicial, foi *li*, que aínda hoje subsiste no povo, mas com troca do *i* en *e*; nela o *-l-*, quando seguido de *a* ou *o*, foi tratado como nos vocábulos em circunstâncias idênticas, isto é, molhou-se; depois o que era forma isolada passou a geral; o seu plural foi tamén formado consoante a regra dos nomes acabados em vogal, isto é, *lis* ou *llis*”. Concorde Câmara, pp. 98-99: “No portugués arcaico houve un dativo *li* (saído do dativo masculino latino *illi*). A forma do portugués moderno, com *ll* molhado, decorre da aglutinação *lho*, de *li* com o antigo acusativo *lo*, usados simultaneamente junto a um mesmo verbo, como *dizer*, por exemplo (*li-lo* > *lio* > *lliol* > *lho*): a análise da composição sugeriu uma forma *lhe*, ao lado de *o*, exatamente como *mo*, *to* correspondian a *me + o*, *te + o*. O plural *lhes* foi criação mais recente e aínda falta nos princípios da fase clásica”. Esta explicación dos feitos é congruente coa admitida para outros casos similares: *el/eles*, *este/estes*, *un/uns* (dialectalmente *us*, *uis*, *unhes* e tamén *unhos*), etc.

²⁶ Non descartamos que se trate dunha simple grafía por /*kes*/; cómpre indicar que con certa frecuencia *les* e *lles* (coma *le* e *lle*) están presentes no mesmo texto: *que elle que les pedira o traslado [...] ata que le dissen o traslado [...] e disso que le pedira o traslado da pesoaria que elles teynan [...] que lle assellasen aquela sença que elles deran* (1274 Celanova, Lucas 395).

desse (1352 Compostela, Méndez 58.12); *et que les den* (1402 Postmarcos, Bouza-Brey 95.20); *et preguntoules como chamaría a ese lugar* (CI 35.16).

Lhis non foi rexistrada por nós en documentos galegos, pero si en textos portugueses de Douro-Litoral (datados en 1309 Miragaia, e 1315 e 1345 Maia, dentro da colectánea de Maia). É, coma *lhi*, a forma dos *Cancioneiros* italianos, fronte a *lles*, forma do *Cancioneiro da Ajuda*; documéntase tamén, se ben minoritariamente, na *Traducción Galega da Crónica Geral e Crónica de Castilla*.

Concorde co singular, é *lles* a forma que se impón en Galicia a partir de mediados do séc. XIII, mais cómpre suliñar que está presente na nosa tradición escrita desde os primeiros momentos. Ela é a forma das *Cantigas de Santa María* e do *Cancioneiro da Ajuda*, a absolutamente maioritaria na *Traducción* e, salvo excepcións, a única forma a partir dese momento.

Con respecto á súa orixe, coidamos que as formas de plural se formaron a partir do singular con adición do morfema / -s / en época temperá, anterior á palatalización. Esta fase, e non ILLIS > *lis*, *les*, é a que perdura en certo modo no tempo, segundo a tendencia “conservadora” do plural que sinalamos máis arriba. O triunfo absoluto de *lles* desde época tan temperá só puido producirse por ser morfoloxicamente regular, / *lle* / + / *s* / ; cómpre non esquecer que na época dos nosos primeiros textos xa se producira a palatalización no singular.

Por tanto, e aínda que, como veremos na segunda parte desta contribución, é posible atoparmos na lingua medieval exemplos de utilización da forma non marcada *lle* (*le*, *li*, *lli*) no canto da propia de plural *lles* (*les*, *lis*, *llis*), non pode ignorarse que o sistema presenta formas específicas para singular / plural desde os inicios da nosa tradición escrita.

2.1.3. Concorrencia co pronome átono acusativo

Da concorrencia da forma singular do dativo co acusativo do pronome átono resultan as formas *lo* / *la* / *los* / *las* e *llo~lho~llu* / *lla~lha* / *llos~lhos~llus* / *llas~lhas*.

A concorrencia do plural do dativo co acusativo (‘algo a eles’) podía servirse destas mesmas formas ou recorrer ás resultantes da combinación de *lis~les~llis~lles* co pronome acusativo. As posibilidades que se nos ofrecen, para a segunda opción, son as seguintes:

a) A efectos gráficos, respéctase a forma habitual de cada un dos pronomes. Rexistramos esta solución unha soa vez: *esto lles ofezerã os nosos* (GE 73.25).

b) A combinatoria de *lles* co alomorfo *lo* do pronome acusativo, condicionado por / *s* / final do pronome precedente, conleva a perda de / *s* / , e disto temos mostras ben temperás: *de lle-la dar*, & *di-le-la* (1277 Burón, Sponer 125.27-28). Esta é a solución dos cancioneros, tanto profanos coma marianos: *ca ben lhe'-la fiz conhecer* (Amor 013-002)²⁷, *Non llela digo por esta raxon* (Amor 125-043; *lhe'-la* en Michaëlis, CA, 319), *lle-los tollia* (CSM 337.15),

²⁷ As cifras que acompañan ás abreviaturas *Ami.*, *Amor* e *Esc.* refírense, respectivamente, ó poeta e ó número de cántiga, de acordo con G. Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, 1967. Pareceunos que nestes casos este sistema achega máis información cá referencia á edición, sen dificultar por iso a localización nela do texto concreto.

logo *lle-lo desfazia* (CSM 125.81), *ca lle-lo non quis sofrer* (CSM 99.37), *todo lle-lo retraya* (CSM 325.67). É maioritaria na *Crónica Troiana* (19 / 33)²⁸ e a segunda variante en orde de frecuencia na *General Estoria* (6 / 20): *nō lle lo leyxauam fazer* (GE 74.34), *mesturemoslle la* (GE 59.30). Tamén se documenta en textos máis serodios, mesmo fóra da zona que actualmente a coñece: *ao dito espital et proues del por que llela dera Diego Rrodrigues* (1429 Muros, Lamas 35.14).

Excepcionalmente, recollemos unha variante co dígrafo *ll* para *l / l /*, que pode deberse a un erro (*lillas* por *llelas*) ou ó desexo de manter indicios gráficos do proceso de asimilación entre as dúas consoantes: *por quele llas Eu tollerey* (GE 198.33).

c) Por último, o pronome dativo presenta a forma de plural, mantendo *-s*, e o acusativo o alomorfo *lo*. En contra do que puidera pensarse nunha aproximación superficial, trátase dunha solución gráfica relativamente tardía, polo que só cabe interpretala como unha restauración feita sobre a conciencia de que baixo *llelo* hai dous morfemas diferentes, o primeiro rematado en *l s /*, coma cando actúa independentemente, e o segundo iniciado cun *l / l /* perfectamente perceptible: *que lles lo avia rogado... o conçello lles lo mandara* (1416-1422 Compostela, Tato1 s.v.), *et mādamos que llesla de* (1423 Muros, Lamas 24.11), *quelles las aujan tomadas... quelles lo dese* (1431 Lugo, Martínez 143.22-144.4). É a solución maioritaria da *General Estoria* (12 / 20): *lles lo quisesse defender* (GE 39.34), *por aquesto lles la trouxe* (GE 46.9). É a preferida polos colaboradores de Fernan Martís na *Crónica Troiana* (13 / 33 totais da obra)²⁹: *eu llesla farey conprar* (CT 378.7), *gradeçúlleslo muyto* (CT 250.7); a eles debémolle-la única documentación da forma *leslo*: *prometeu que leslo faría auer* (CT 406.2). Presenta tamén esta forma o único exemplo recollido nos *Miragres de Santiago*: *et darlles la ey* (MS 210).

Obsérvese que tódalas formas de que falamos teñen como base *lles* (*les*). No dominio portugués existiu tamén *lhilo* (sobre *lhis*)³⁰, non rexistrada por nós en ningún dos textos galegos.

²⁸ Representamos deste xeito as proporcións. A cifra á esquerda da barra indica o número de exemplos coa característica sinalada e a da dereita o número total de exemplos recollidos susceptibles de presentárense: de 33 exs. posibles, 19 son de *llelo*.

²⁹ Cf. R. Lorenzo, *Crónica Troiana*, pp. 126-127.

³⁰ No trescentos portugués, segundo Mattos e Silva (p. 222), “Das 39 ocorrências de *lho* e 3 de *lhos*, das 18 de *lha* e 6 de *lhas* apenas uma corresponde a *lhes+o* e duas a *lhes+as*, as outras são combinações de *lhe+o*, *a*, *os*, *as*. [...] Ainda se documentam no *corpus*, embora parcamente, as formas *lhillo* (uma vez) e *lhila* (duas vezes) < *lhis+lo* e *lhis+la*”. Cómpre chamármola atención sobre o feito de que o cincuenta por cento das ocorrencias son de *lhillo*, *lhila*, a pesar de que a autora diga “parcamente”. A seguir engade, como explicación e comentario, “Essas grafias atestam uma fase anterior à de *lho* e *lha* (=lhes+o, a). Nelas está explicitada uma fase anterior no processo assimilatório do *-s* final de *lhis* ao *l* inicial do pronome *lo*. É de notar que estão convivendo no mesmo *corpus* três grafias que correspondem a três momentos do processo de mudança da sequência (*lhillo*, *lhila* e *lho*, *lha*)”. Non explica como desde *lhis+lo*, pasando polas fases *lhillo*, *lhila*, que considera previas, se chegou foneticamente a *lho*.

2.1.4. Concorrencia co artigo determinado

Ante o artigo determinado, a forma *lle* vacila entre a elisión de / e / , dando lugar a formas semellantes ás da combinatoria dos pronomes, e o mantemento da forma plena, con independencia formal de ambos: *Tolleu-ll' a fever* (CSM 279.26), *que lle o Señor Deus* (1478 Caldas, Bouza-Brey 102.23).

Na combinatoria de *lles* co artigo determinado, a diverxencia coas formas resultantes da amálgama dos dous pronomes é aínda meirande:

a) En contra do que ocorre co pronome, en concorrencia co artigo prefírese mante-las dúas formas coma se fosen independentes: *darles o bispo* (1267 Portomarín, Sponer 150.9), *alles ó bispo dar* (1267 Portomarín, Sponer 150.11), *defenderles o señorío* (1324 Santiago, Martínez 107.5), *de lhis as cantigas cantar* (Esc. 120.361). Nas *Cantigas de Santa María* a forma habitual é *lles o* (12 / 15): *contou-lles o feito* (CSM 104.56). Esta é a única solución na *Traducción* (*lles o, lles os*, tamén *llis o, lljs o*), na *General Estoria* (*lles o, lles a, lles os*)³¹, na *Crónica Troiana* (*lles o*), nos *Miragres* (*lles o, lles a, lles os*), e na *Corónica de Iria* (*lles a*).

b) O segundo lugar en orde de frecuencia, mais moi distante, ocúpao a solución que presenta / lo / con perda de / s / final: *mais quer-lhe-la malada esnarigar* (Esc. 144.408); é forma minoritaria en CSM (3 / 15): *nenbrou-lle-la paravla* (CSM 154.38), *nunca lle-la porta serra* (CSM 379.57), *queimando-lle las barvas* (CSM 85.50). Este risco supón unha notable diferenza entre o comportamento de *lles* e o de *nos* e *vos* na mesma secuencia, pois a xulgar polos datos proporcionados por C. Hermida³² a solución maioritaria nas cántigas medievais é *no-lo, vo-lo, lle-lo* (66,6% en posición anteverbal e 87,5%, reducible ó 93,75%, en posición posverbal); aínda que a autora non dá datos parciais do comportamento de cada un dos pronomes, do cruzamento destas conclusións cos nosos datos podemos deducir que a práctica totalidade das excepcións son de *lles o*. Polo tanto, nesta altura *lle-lo* atópase nun estadio evolutivo moi distinto do de *no-lo* e *vo-lo*, o que, coidamos, apoia a tese dun / s / final máis tardío en *lles* ca en *nos, vos*.

c) Cómpre salientar, finalmente, que non rexistramos para o artigo a solución tardía que se revelaba maioritaria en segundo lugar para o pronome (*lles lo*).

Por tanto, na lingua medieval non había a correspondencia que se podería supoñer entre a combinatoria de *lles* con *lo* pronome e con *lo* artigo. Mentres a primeira evita a independencia das dúas formas, esta é a solución preferida na segunda; e entanto que no pronome se produce unha sorte de restauración gráfica da integridade dos dous alomorfos (*lleslo*), no artigo prefírese prescindir de tales trazos morfolóxicos.

³¹ O artigo singular aparece unido ó substantivo: *confondamoslles alengagéé* (59.29), *dixenlles oNylo* (177.28), *quelles opadre dou* (239.14).

³² Hermida, pp. 77-78.

2.2. A expresión do significado de plural

Creemos que nos apartados precedentes queda suficientemente demostrada que na lingua medieval existían, con plena vitalidade, formas de singular e plural diferenciadas, non só para o pronome dativo considerado illadamente, senón para a súa combinación co pronome acusativo e co artigo determinado. Mais non é menos certo que é posible rexistrar nos mesmos textos usos de formas de singular (*lle, llo, lle o...*) para expresa-lo significado plural.

Cómpre, xa que logo, establecérmolo grao de frecuencia do uso de singular por plural; o tempo en que se produce, para sabermos se hai unha expansión nun ou noutro sentido; na medida do posible, a localización xeográfica, para podermos concluír se tiña xa daquela carácter dialectal; e mailos contextos en que se produce, por se houberse xa entón, como se perciben actualmente en cada unha das dúas zonas galegas, condicionantes gramaticais, ben a favor de suspende-la oposición, ben a favor de marcala.

Para iso, analizámo-los exemplos con significado plural rexistrados en relación co esquema enunciativo en que se insertan, tendo en conta factores coma os seguintes:

a) Existencia ou non na mesma cláusula dunha frase correferente (*Ós cabalos déronlles auga / Déronlles auga*), con atención á posición da devandita frase (*A algúns déronlles auga / Déronlles auga a algúns*), ó afastamento desa frase do verbo e o pronome átono (*Dábanlles café a todas / Dábanlles café tódalas tardes de domingo chuviosas a todas*) e á presenza ou ausencia de preposición rexendo a mesma (*A eles déronlles auga / Eles, déronlles auga*)³³.

b) Existencia ou non de información contextual abonda sobre o referente, ben con anterioridade á mención do pronome, ben con posterioridade a ela.

Ademais, deben terse en conta outros factores, como a presenza dun distributivo (*a cada un déronlle o seu*) ou doutras estruturas de cuantificación que poidan incidir sobre o uso do pronome (*á maioría dos presentes non lle / lles gustou nada*), que a frase aclaratoria ou correferente sexa composta por coordinación (*porque a el e a ela lles mostrou tal amor*) ou que teña por núcleo un colectivo (*E a xente foi alá, e o convento lle / lles contou o ben que lle / lles fixo a Virxe*).

En cada un dos subapartados faremos un repaso histórico a través dos textos expurgados, mantendo no posible a orde cronolóxica; a non mención dalgunha das obras indica que nela non se rexistraron exemplos.

2.2.1. *Quando eles uyrō que assy lles escapara*

Na práctica totalidade dos exemplos rexistrados para *lle / lles* 'lles' hai algunha mención contextual previa, situada fóra da cláusula do pronome átono, que permite identificar correctamente a quen se refire este: *et adusolle a essa ora dantel* todas las anymalyas *que formara*

³³ Actualmente a pausa é de regra nestes casos, separando o tópico, mais non sempre está marcada na escrita. Cómpre salientar, ademais, que a lingua oral moderna omite con frecuencia a preposición neste esquema.

da terra por veer cōmo as chamaría et que nomēes lles diría (GE 6.4-6), *Mais las mouras sobr' aqesto lle davan mui gran contenda; / mais ela lles diss'*: “*Amigas, / se Deus me de mal defenda [...]*” (CSM, 167.17). Parécenos fundamental comeza-la descrición por estes casos en que o significado plural se desprende do contexto, sen que haxa na mesma cláusula unha frase correferente, pois en tal situación non semella haber razóns para un posible desvío da norma xeral.

2.2.1.1. Lle / lles en textos literarios

En *Amor*³⁴ e *CSM*³⁵ úsase sempre *lles* como forma pronominal illada. Esta constancia non se mantén en *Amigo*, onde atopamos catro exemplos procedentes da mesma cantiga³⁶, na que Nuno Fernandez Torneol (*Ami*. 106-11) involucra *lhi* e *lhis*, ambos con significado plural, na estrutura paralelística:

[...] Do meu amor e do voss' en ment'avian;
 vós *lhi* tolhestes os ramos en que siian:
 leda m' and' eu.
 Do meu amor e do voss' i enmentavam;
 vos *lhi* tolhestes os ramos en que pousavan:
 leda m' and' eu.
 Vós *lhi* tolhestes os ramos en que siian
 e *lhis* secastes as fontes en que beviaan:
 leda m' and' eu.
 Vós *lhi* tolhestes os ramos en que pousavan
 e *lhis* secastes as fontes u se banhavan:
 leda m' and' eu.

³⁴ Non temos en conta *E muito saben, se nunca saber / o per mi poden, nen per [h] eu dizer!* (*Amor* 075-011) por considerarmos que a restauración de [h] proposta por Michaëlis é innecesaria se se trata dun acusativo, o que ó noso xuício daría mellor sentido. O verbo *dizer* quere un CD, polo que, aínda aceptádomo-la restauración, cabería interpretar *l[h] eu* como ‘llo eu’; *vid. infra* para llo ‘lles+o’ en *Amor*.

³⁵ Só rexistramos tres casos de posible uso de *lle* para plural, que non foron tidos en conta polas dúbidas de análise que presentan. No primeiro, consideramos que *lle* é singular, referido á vítima e non ós seus verdugos, pois a pesar de que a construción de *ferir* é con acusativo (*mandouno ferir*) o dativo pode explicarse por analogía coa construción de *dar*, no segundo membro da coordinación: *Enton os que o matavan disseron: “E que será / [...] / Que por pedras que deitamos nono podemos matar ?” / Enton o que llo mandava mandou-lle ferir e dar / mui grande con un venabre e depoi-lo degolar.* (CSM 124.31); non esquecemos exemplos formalmente similares do verbo *ferir*, que interpretamos como ‘ferir [algo] a alguén’: *un dos gēollos alçara / [...] / A omagen atan alte que chegou preto da teta, / por guarda-lo baesteiro, e feriu-lli a saeta.* (CSM 51.57). No segundo, entendemos tamén que *lle* se refire á vítima: *que aquel bon ome mui mal con el mezcrraron; / e de taes cousas a el o acusaron, / per que lle mandava dar morte doorosa.* (CSM 78.28). No terceiro, o pronome pode ser interpretado como singular referido só á *gentil dona*, e non ós tres traizoados: *Enton a Condessa e el Conde changian a gentil / dona, que perderan por trayçon mui sutil / que ll' aquel gaf-fu traedor fora bastecer* (CSM 5.157).

³⁶ A eles podería engadirse *Estas donzelas que aqui demandam / os seus amigos que lhis façam ben / [...] / que [é] aquilo que lh' e[le]s demandam* (*Ami*. 70-021), de Johan Garcia de Guilhade, que nós descartamos como exemplo de *lle* plural por considerarmos innecesaria a integración, xa que o segundo hemistiquio destes decasilabos graves só ten cinco sílabas: *que aqui demandan / que lles demandan*; Nunez propón outra integración que outorga cinco sílabas ó primeiro hemistiquio, se non se ten en conta a sinalefa.

Tamén en *Escarnio* se recollen algúns exemplos de *lle*, procedentes dun número aínda máis reducido de poemas³⁷, nos que comparte con *lles* a expresión do plural: *Comeron os infancões [...] / e deron-lhi linguados por melhoria, / [...] / deron-lhis das fanegas e dos pescados* (*Esc.* 77-5).

Nos exemplos anteriores non hai razóns métricas para esa alternancia nas formas, mais noutros casos parece que a presenza de *lles* provocaría problemas no ritmo e medida do verso³⁸, o que podería xustifica-lo uso da forma singular correspondente:

Os zevrões foron buscar
Rodrigo, polo matar;
mais ouviu-*lhes* el cantar
as selas, por que guariu:
polas selas que *lh'* oíu
renger, por esas guariu.
Non *lhis* guarira per ren,
a[o] torto que *lhis* ten;
mais rengeron, por seu ben,
as selas, por que guariu:
polas selas que oíu
renger, por esas guariu.
Non *lhis* podera guarir,
ca os non vira viir;
mais oíu-*lhes* el garrir
as selas, per que guariu:
polas selas que *lh'* oíu
renger, por esas guariu.
E[les] foron-lhi meter
ciada, polo prender;
mais oíu-*lhis* el renger
as selas, por que guariu;
polas selas que oíu
renger, por esas guariu.
(*Esc.* 87-15).

[...] e o senhor que acorrer non quer
a seus vassalos, quando *lh'* é mester,
peca mortal, pois é tan alto Rei.
Todo senhor, de mais Rei natural,
dev' os vassalos de mort' a partir
e acorre-*lhes*, cada que os vir

³⁷ Non temos en conta *como peitan [a] qualquer talhador quanto lhi talhan* (*Esc.* 30-35), por considerarmos que é corrección innecesaria de Lapa sobre o texto de CBN 1315, *como peyta qual quer talhador / quanto lhi talhan sen escusaçon*, que dá mellor sentido e congruencia gramatical ó texto. Tampouco incluímos *que do seu den quanto lhi foi talhad'e* por considerarmos que non é pertinente a corrección (*den*) proposta por Lapa sobre a lección dos manuscritos e doutros editores (*deu*), polo que o suxeito do verbo principal e o referente de *lle* son singulares.

³⁸ Indubidablemente, se un poeta salva os problemas de medida do verso por medio do uso de *lle* para plural é porque a lingua lle dá esa posibilidade. Agora ben, interesa coñecer se bota man dese recurso en calquera situación ou só “forzado” por determinadas circunstancias.

estar en coita; mais Deus non é tal,
ca os leixa con grand' amor morrer,
e, pero pode, non *lhes* quer valer:
e assi faz gran pecado mortal.

(Esc. 129-2).

En cambio, á *Traducción* trasládase unha situación distinta, pois a sexta parte das ocorrencias con significado plural son de *lle*. Os contextos en que aparece unha ou outra forma son semellantes, polo que non podemos establecer unha tipoloxía que explique esta tendencia. Antes ben, cómpre salientar que a forma sincrética comeza a usarse en contextos nada propicios, como cláusula coordinada con outra que contén *lles*, onde o paralelismo debería favorecer-lo uso de formas iguais: *ca ben auya ia xij ānos que dera guerra a terra de cristiāos et lle quebrātara as terras et lles fezera muyto mal et muyto dano* (Trad. 128.7-8). Advertimos, así a todo, que por veces A_1 corrixe a *A* neste punto: *et os auja uençudos en muytas lid[e]s et astragos que lle (A_1 lles) fez en muytos lugares* (Trad. 30.20).

Non pode entenderse o anterior como o comezo dun proceso diacrónico de avance inexorable en todo o sistema por igual, pois textos máis tardíos presentan en menor medida ese trazo.

Na *General Estoria lle* plural constitúe unha auténtica excepción; cómpre salientar, así a todo, que nela as formas de singular se usan en condicións que parecen anunciar certos comportamentos futuros. En efecto, dos seis³⁹ exemplos rexistrados con *lle*, catro corresponden a cláusulas nas que interveñen os verbos *chamar* e *dicir* 'dar nome', se ben, como pode apreciarse nos propios fragmentos que transcribimos, nas mesmas circunstancias tamén se usa *lles*: *por esto diserō que cada hūa dellas avia seu çeo apartado enque nō era outra estrela nīgūa, et chamarōlle planetas [...]; et derōlles este nome de plano* (GE 94.27), *Tigrā, seu yrmāo, poblou asua et chamou aos seus tygranteos, et os gregos despoys mudarōlle este nome et diserōlle friges, et aaterra Frigia* (GE 77.35 e 36), *Et quando achauā algū omē ou moller que ouvese cōplidamēte algūa destas mañas, quer bōas quer máas, chamauālle deus ou déesa daquela maña que avia, et faziālles logo ydolos* (GE 97.8); advértase, no derradeiro fragmento, que, ademais do verbo *chamar*, intervén como posible xustificante a existencia dunha disxuntiva, e maila presenza de *lles* a continuación. Noutro dos casos restantes hai unha coordinación, polo que non é seguro que o pronome se refira á parella e non só a *Tare*: *et demādou aTare et asua moller por que nō passará os seus fillos por lo fogo, segūdo queos*

³⁹ Non temos en conta outros dous exemplos, porque neles cabe interpretar *lle* como singular. No primeiro, pode entenderse que Noé mente dicíndolles que Deus non lle deu explicacións; sería plural se se entendese que Noé se limita a dicir que o fai por mandado de Deus e que non *lles* descobre a eles a razón última: *Et pregontauālle outrosy que era aquilo que aly labraua et el dizialles que faziā aly hū lauor quelle Deus mādara, mays nō lle descubria ende pera quea faziā, temēdose que quando vissen averdade do deluvio et das agoas, queselle collessem aarca nē se metessem em ella por força ou o matassm quando lles lo el quisesse defender; et elles tynāllo por vaidade* (GE 39.34). No segundo, pode establecerse unha secuencia dos feitos de xeito que primeiro o rei manda que *lle* dean a muller a Abraham e mais que *lle* dean vacas, ovelas..., tamén a Abraham, e só despois se dirixe á parella: *e mādou dar sua moller aAbrāa, et doulle vacas, et ovelas, et seruos, et seruas; et disolles: "Catade por todo omeu rreyno, ..."* (GE 217.17).

caldeos faziã, recordandosse da palaura queo seu rrico omẽ Mayzam lle cõsellara quelle demãdasse os fillos (GE 148.5). Nin estas nin parecidas circunstancias se dan no caso restante: quese dauã todos, pequenos et grandes omẽs et molleres, amaos costumes; et diz queo grande abundamẽto das cousas quelles [foy] achaque et [...] dos deleytos das moytas cousas et grãdes viços cresceolle luxuria moy torpe (GE 210.32).

Os poucos rexistros do *Livro de Tristán* son todos de *lles*.

O comportamento é moi similar na *Crónica Troiana* e nos *Miragres*, pois o escaso número de excepcións (6 máis 4 dubidosos na primeira, 7 na segunda) contrasta coa grande abundancia das ocorrencias de *lles* (649 e 58, respectivamente). Cómpre deixar constancia, con todo, de que nos rexistros de *lle* non concorren a penas circunstancias das que xa foron sendo advertidas como coadxuvantes ó uso do singular: *et juroulle que el meesmo per seu corpo destroyría os troyãos [...]. Et leuarey cõmigo tãtos dos meus uassalos, cõ que lle farey tãto mal que senpre ende falarã (CT 2.40), et çarrarõnos todos en hũu lugar onde lle diziã a misa por nõ morrerẽ en aquela batalla (MS 116)*. Advírtese no texto da *Crónica Troiana* que o distributivo *cada* leva ó uso do singular: *et cada hu diga o que lle desto praz (CT 300.11), et deziã moytas rrazões sobre este feito, cada hũ o que lle mellor semellaua (CT 195.6), cada hũa delas me sacou a parte e me disse a poridade que, se lle eu julgasse a maçãa et lle fizesse uẽçer as outras por beldade, que nõ auja ãno mudo don que lle eu demãdasse que mo nõ desse (CT 29.27)*; en cambio, outros distributivos non provocan este comportamento, a pesar de concorreren con *chamar* e de que se trata de darlles cadanseu nome: *chegarõ senllos fillos daqueles dous rreys, et diziãlles Antípates et Poliçemis (CT 485.35)*.

Os datos de *Albeiteria* son moi escasos para podermos tirar conclusións, mais indican que hai vacilación: *llaua a junturas=danadas e ponlle ençima como emprasto a sustança (TA XII-19.20), non empeeçe aos potros mais prestalles (TA XI-497.7)*.

Pola súa banda, a *Corónica de Iria* presenta uniformemente *lles*, cun só caso de excepción no que a referencia do pronome está expresada por unha coordinación, na que interveñen dous colectivos que fan unha a súa voz: *Et a clerizia et poboo con grandes preçes et rogos, pidiron por mercede a el rey don Afonso et ao conde don Reimundo que lle tornasen por regedor et vicario ao dito don Diego Gelmeriz (CI 73.8)*.

2.2.1.2. Lle / lles en documentos notariais

A selección de documentos utilizada mostra ben ás claras que desde sempre houbo un reparto dialectal, modificado co paso dos séculos. Semella que uso de *lle* para o plural foi inicialmente un risco suroccidental, propio dunha área que se estende máis cara ó leste ca cara ó norte:

a) Na provincia de Lugo, os documentos de Viveiro, Burón, Castroverde, Portomarín e Lugo⁴⁰ presentan sempre *lles*, e igualmente ocorre nos textos de Vilafranca (León); mesmo

⁴⁰ Unicamente atopamos un posible caso de *lle* por 'lles' en Lugo, que non incluímos por considerarmos que se pode tratar dun significado singular: *Item mãdo que den a Johan Lopes de Ponferrada et a sua muller, criada da dita Sancha Gomes, o panno que lle mãdou dar, descontando dusetos et des pares de brancas que lle*

se usa regularmente *lles* referido ó ‘concello’ (1268 Burón, Sponer 122) e ó ‘cabido’ (1414 Lugo, Maia 42.12). Únicamente escapa a esta regularidade a comarca de Monforte, no sur, onde o uso de *lles* parece estar en desvantaxe: *As quaes bos aforo con suas entradas & saydas segundo que as han & lle perteesçen* (1421 Monforte, Sponer 172.15), *ao termjo que lles eu puge* (1302 Monforte, Sponer 185.98); ademais Monforte escolle as formas de singular para referirse ó *conuento* e mesmo ó *abbade & o conuento* (1302 Monforte, Sponer 183).

b) Inicialmente, na provincia da Coruña atopamos sempre *lles*, salvo que aceptemos como compostelán o seguinte exemplo datado por Maia en Tebra, 1299: *por muyto auer que o dito Johan Affonso houue et fillou contra voentade do abbade et do conuento sobreditos do dito moesteyro et de que lle nūca fez entrega* (Maia, 115.15)⁴¹; engadamos aínda, como excepción á regra, o uso de *lle* referido ós dous membros dunha coordinación, en contra do uso xeral da forma plural nestas circunstancias: *uñr [ao] Abbade et ao Conuento de Monfero et pagar le estos dineyros* (1283 Monfero, Martínez 90.7).

Só tardiamente (séc. XV) descubrímo-la presenza de *lle*, minoritaria aínda, mais cobrando importancia en Compostela (15 *lle* / 120 *lles*, en Tato1) e suroeste da provincia⁴². Destaca o seu uso nos casos seguintes:

- Na fórmula recorrente *a... e a..., procuradores, ... e con este mandamento lle seerian reçevidos en conta* (1416-1422 Compostela, Tato1 605, 1737, 4877, 5722, 7765, 8464; tamén se rexistra *lles*).

- Cando a referencia se expresa por medio dunha disxuntiva, aínda que a frase nominal composta estableza concordancia en plural noutros membros: *o dito sennor ou o seu vicario tomen dous deles quaes lle aprouver* (1416-1422 Compostela, Tato1 6920).

- O mesmo ocorre cando se trata de coordinadas copulativas: *que mandavan et mandaron a Bernald Yanes do Caminno et a Gil Peres [...] que desen et pagasen [...] segundo que lle mandasen* (1416-1422 Compostela, Tato1 2098), *aos ditos Garçia Rodrigues e sua moller [...] e que mandavan e mandaron que lle fosen descontados os ditos moravedís*

eu prestey sobre la casa do forno (1414 Lugo, Maia 42.15). Pola mesma razón, tampouco temos en conta esoutro exemplo, que pola súa localización no sur da provincia sería menos estraño: *prouéerdes ben á el & áos omes & as bestias que el troager, & pasardeslle essa froyta jn saluo per uosa custa* (1264 A Peroxa, Sponer 188.21).

⁴¹ Segundo consta no documento, este é un traslado feito polo notario de Tebra dun documento escrito en Santiago na data indicada.

⁴² *Actas do Concello de Santiago* (1416-1422), *Libro de notas de Alvaro Perez de Pontevedra* (1457) e *Documentos do Espital dos Pobres da Vila de Muros* (1424-1458). Alvaro Perez é notario da terra de Rianxo e Postmarcos, mais orixinario de Pontevedra: non é doado establecer en que medida as variantes diatópicas empregadas responden á lingua dos declarantes da súa xurisdicción (aproximadamente, marxe norte da ría de Arousa), ou á súa propia. Entre os documentos de Muros, o primeiro que presenta inequivocamente *lle* para o plural é do ano 1451, do notario Pero Mouron, ó que debemos varios exemplos de uso de *lles* en circunstancias similares; séguenlle os de 1457 e 1458, do notario Juã Affonso Maragata, que escribe sempre *lle*, agás nunha ocasión (1458 Muros, Lamas 96.4) e máis cando traslada a Pero d’Antelo (1452 [1457] Muros, Lamas 89.20, 90.23, 91.24).

(1416-1422 Compostela, Tato1 6573), *vendeu a Juã Seco e Sancha / Oanes, súa moller [...], para [...] faser delo e en / elo o que lle prouger* (1457 Rianxo, Tato2 497), *ao dito Johán Seco e Sancha Oanes [...] obligouse cō todos seus bēes de le faser çerta e sãa esta dita veta* (1457 Rianxo, Tato2 505).

- Co distributivo *cada*: *que cada huu pagase a medade que delles lle coubese a pagar* (1416-1422 Compostela, Tato1 1531; tamén 3543, 3664, 7677); *ao qual notario rrogamos que faça duas em hũu tenor, para cada hũa das partes a sua, [...] ou mays se lle cõprir* (1430 Muros, Lamas 43.28, 52.22).

Con todo, hai algúns exemplos que non gardan relación con estas tendencias: *aos teen-dores do seelo das tavoas que lle deviamos do dito ano* (1416-1422 Compostela, Tato1 6182), *e os sobre ditos diseron que obedeçian a dita carta con a rreverença que devian [...]* *e que lle desen dela o traslado* (1416-1422 Compostela, Tato1 8875), *aos pobres da vylla de Muro [...] que lles deuo. Itẽ lles mando mays [...] et mays lle mando* (1451 Muros, Lamas 81.12), *que por ende que protestaua que os que o tragã fosẽ tiúdos a todo quanto dapno lle viesse sobre elo, et çétera* (1457 Rianxo, Tato2 3014).

Cómpre consignar que rexistramos *lle* referido a *moesteyro* (1282 Pontedeume, Martínez 85.24; 1362 Monfero, Martínez 117.1), a *cabidoo* (1352 Compostela, Méndez 57.21) e á igrexa de *sancta maria de fisterra* (1402 Postmarcos, Bouza-Brey 95.17); pola contra a forma de plural só foi rexistrada referida a *moesteyro* en Monfero (1362, Martínez 117.1).

c) En Ourense non hai uniformidade no tratamento. Os textos máis norteños e orientais, procedentes de Oseiras Santo Estebo de Ribas de Sil, Caldelas e Monterrei, mostran permanentemente *lles*, mesmo para se referiren ó ‘mosteiro’ (1281 Caldelas, Maia 55.5, 16, 34; 1292 Monterrei, Maia 59.12).

A aparición de *lle* plural faise máis patente segundo nos desprazamos cara ó sur é occidente. En Allariz, onde se refiren ó ‘mosteiro’ con *lles* (1275, Lucas 206), usan en cambio *lle* algunha vez con significado plural: *mãdo que diã a outros ommes de Chauias que nõ ssey quen son [...], mãdo que lle diã çinquenta mor.; & sse eles ou ssa uoz nõ ueerẽ...* (1302 Allariz, Maia 61.51); asemade, no mesmo documento mais doutra man, *os ditos Per Eanes & Maria Uelasquez pedirõ a m̃j, notario ia dito, que lles desse ende vn estrumento* (1302 Allariz, Maia 61.53). En Ourense rexistramos *lle* para plural, pois non cremos que se deba interpretar referido a un só dos membros da coordinación: *disso que quando el vise o abbade et conuento do dicto moesteyro ou seu procurador çerto que el lle responderia aa ffronta ou demanda algũa ssella ffezesem* (1332 Ourense, Martínez 111.8). En Celanova percíbese certo predominio da forma singular en contextos semellantes: *disso este Johan Dominguez sobre-dito a estes Rodrigo Muniz e a Pero Uaasquez sobreditos que elle que les pedira o traslado [...] as quaes esquisas estes Rodrigo Muniz e Pero Uaasquez tiraran e disso que le pedira o trallado [...] e disso que foran estes Rodrigo Muniz e Pero Uaasquez sobreditos pedir por merçede a o obisso que lle assellasen aquela sentença que elles deran* (1274 Celanova, Lucas 197).

d) Na provincia de Pontevedra, en cambio, é *lles* a que constitúe a excepción: *o dito dom abbade dom Hērrique & o conuēto dauanditos disserū & outorgarū [...] que os ditos dom Johan do Ramo & dō Johan d'Areas l̄j dessem en rrazō da [...]. Et os ditos dom Johan do Ramo & dom Johan d'Areas, por isto que de suso dito é que o abbade & o conuēto dauanditos lis fezerū* (1281 Baiona, Maia 99.15, 19), *que lis nō conprey* (1287 Tebra, Maia 102.7). Cómpre salientar que nos lugares dos que posuímos máis abundancia de exemplos se advirte que a documentación de *lles* non é anterior á da forma de singular. Vallan como mostra as vilas de Pontevedra e Caldas de Reis: *lle* rexístrase en Pontevedra nos anos 1287, 1299, 1316, 1317, 1318 e 1433, e en Caldas en 1324, 1419 e 1478; pola súa banda, *lles* só o fai en 1316, 1433 e 1506 en Pontevedra e en 1478 en Caldas. Tamén é singular a forma que se refire a 'mosteiro' (1278 A Garda, Maia 96.9; 1301 Salvaterra, Maia 118.21; 1325 Dozón, Maia 130.13; 1419 Caldas, Maia 134.39), e a 'igreja' (1324 Caldas, Martínez 106.29; 1478 Caldas, Bouza-Brey 104.7).

2.2.1.3. As formas pronominais *llo* / *llelo* en textos literarios

Na concorrencia co pronome acusativo, *Escarnio* e *Amigo* presentan sempre *lho*, se ben o segundo cun só exemplo: *sei muitas donas que saben amar / seus amigos e soen-lhis falar / e non lho saben, assi lhis aven* (*Ami.* 063-080); a presenza de *lho* dáse mesmo en contextos nos que sería moi clarificadora a presenza da forma propia do plural, coma neste exemplo, no que *llelo* axudaría a comprender que a petición se fai ós privados e non ó rei: *Os privados, que del-Rei an, / por mal de muitos, gran poder, / [...] / O que del-Rei quiser tirar / ben sen servir, se lhis peitar, / avê-lo-á, u lho pedir* (*Esc.* 118-007).

Amor presenta *llo* e *llela*, con diferencias numéricas pouco significativas dada a escasez de exemplos: a forma *llo* en composicións de Fernán Padrón e Fernán Gonçalvez de Seavra, nas que a forma pronominal é *lles* (*Quanto prazer viron enton / semelha que foi por seu mal; / ca se lhes Deus ora non val, / [...] non lh' o devia agradecer, Amor* 045-002; *E por én ei a todos a dizer / ca non saberan quen é mia senhor, / per mi, [...]. / En lh' o dizer non seria mia prol, / et eles, pois, mi-o terrian per mal, / se lh' o dissesse, Amor* 044.004); a forma *llela*, pola súa banda, en Ayras Moniz D'Asme e Pero Garcia Burgalês (*Ja mi-ora leixaran folgar, / ca lhis non podia guarir, / ca ben lhe'-la fiz conhecer, Amor* 013-002; *por que morren tan muito por saber / a dona por que eu ando coitado? / Non llela digo, Amor* 125-043).

A diferenza numérica é máis significativa nas *Cantigas de Santa María*: 4 *lle-lo* / 17 *llo*⁴³. Cómpre sinalar, así a todo, que un dos usos de *llelo* se dá en concordancia *ad sensum*: *e viu estar ajuntada y mui gran gente sobeja / e de com' o feito fora todo lle-lo retraya* (*CSM* 325.67).

⁴³ Non incluímos dous posibles rexistros, por non térmola certeza de que o seu significado sexa plural: *Foron-sse logu', e con eles foi seu padre o cativo / con coita d' aver seu fillo; e des que llo mostrou vivo, / descendérono da forca, e un chorar tan esquivo / fazian todos con ele, que mester ouv' y: "Calade!"* (*CSM* 175.66); *que ben como llo Deus dera, assi llo ar foi toller* (*CSM* 381.18).

Na *Traducción* rexistramos tamén sistematicamente *llo* (coas variantes formais a que se fixo referencia máis arriba), forma asimesmo do único exemplo do *Livro de Tristán*. Esa é tamén a escolla nos *Miragres*, cunha soa excepción de *lleslo* (fronte a 4 ocorrencias de *llo*): *et cras ora de terça meterey dentro os cristiãos, et darlles la ey en seu poder* (MS 210).

Noutros textos parece haber un claro intento de uniformización a favor de *llelo* e as súas variantes. Así ocorre na *General Estoria*, con só dúas excepcións, unha coa outra forma contracta e outra coa propia da combinatoria de pronome e artigo neste texto: *que encomẽdauã acada cousa seu Deus quella gardasse* (GE 97.8), *Et esto lles ofezerã os nosos* (GE 73.25). Ese é tamén o comportamento da *Crónica Troiana*, con só cinco excepcións de *llo* (fronte a 30 ocorrencias de *llelo*).

2.2.1.4. As formas pronominais *llo* / *llelo* en textos notariais

Nos documentos apréciase un claro predominio de *llo* / *lla* / *llos* / *llas* en textos de tódalas procedencias: provincia de Lugo, Viveiro (1409, en traslado de 1450), Monforte (1302), Lourenzá (1310); provincia da Coruña, Compostela (1416-1422), Muros (1425) e Rianxo (1457); provincia de Ourense, Caldelas (1281), Allariz (1302); provincia de Pontevedra, Pontevedra (1299, 1433), Caldas de Reis (1324). A eles hai que engadir estouros testemuños en que o pronome dativo se refire a unha colectividade: A Garda (1278), Caldelas (1281), Monterrei (1290, 1292) e Monfero (1367).

As outras formas son pouco frecuentes e están moi localizadas, mais non concentradas nunha única zona: *pediron me carta [...]. Et eu, Pedro Rodriguiz, iuyz sobredicto, tje por razon & por dereyto de llela dar, & di-le-la aseelada de meu seello pendente* (1277 Burón, Sponer 125.28), *deles a rogo do dito Diego Lopes que lles lo avia rogado* (1416-1422 Compostela, Tato1 2149), *segundo o conçello lles lo mandara* (1416-1422 Compostela, Tato1 2302), *et mãdamos que llesla de* (1423 Muros, Lamas 24.11), *por que llela dera* (1429 Muros, Lamas 35.14), *segundo que lles las aujan tomadas e piñoradas* (1431 Lugo, Martínez 143.22).

Entre eles salientan, dunha banda, pola súa localización ó norte da provincia de Lugo, os procedentes de Lourenzá e Viveiro, que hoxe presentan *llelo*. No primeiro entendemos que tanto *lle* coma *llo* teñen significado plural, e que non se refiren en singular a un só dos membros do matrimonio: *façades que lle aplaga aos ditos Jacome Perez & sua muller ca llo tiñamos nos ia dado a laour* (Maia 34.10); o segundo non ofrece ningunha dúbida sobre o seu carácter plural: *pedian delo carta & cartas a m̃j notario, as que lles conplisen para sua guarda. Et o dito alcalde diso que llas mandaua dar* (Maia, 44.3). Doutra banda, chaman a atención os procedentes de Compostela e Muros (con similar proporción ós rexistrados con *llo*), que hoxe descoñecen completamente o uso popular de *llelo*, se ben Compostela non se sitúa lonxe da isoglosa que delimita ámbalas áreas; mais debe terse en conta que, a diferenza do

que acontece na actualidade, ambas se situaban daquela en territorio de *lles*, que só nesa altura comeza a presentar rexistros de *lle* ‘lles’.

Semella por tanto que a evidente relación territorial entre *lle* e *llo* non se daba daquela entre *lles* e *llelo*. A pesar do triunfo de *lles*, nos seus dominios seguiu usándose para ‘algo a eles’ a amálgama *llo*, fixada con esa forma nos tempos en que aínda non se xerara a forma de plural *lles*. Posteriormente, nese territorio, á procura da regularidade do sistema e usando un mecanismo morfolóxico productivo, créase unha forma *llelo* (mesmo grafada *lleslo*), coma *nolo* e *volo*⁴⁴; isto permítenos concluír que textos coma a *Traducción* proceden dun ámbito territorial dintinto do da *Crónica Troiana* e a *General Estoria*. A fortuna desta nova forma foi distinta segundo os lugares, coidamos que fortemente vencellada á da oposición *lle* / *lles*; así, non parece allea á perda de *llelo* en Muros e Compostela o feito de que neses mesmos textos xa apareza incipientemente o *lle* ‘lles’ que recollemos plenamente instalado na actualidade.

2.2.1.5. En secuencia co artigo, *lle* o / *lles* o / *lle-lo*

En combinación co artigo, *Escarnio* presenta senllos exemplos de *lles as* e *lle-la*, mais nunca a forma da amálgama co pronome: *Ca lhi troban en tan bon son / que non poderian melhor; / e por est’ avemos sabor / de lhis as cantigas cantar* (*Esc.* 120-7), *Per tod’ outra guerra os quer coitar / e non quer vinhas alhêas talhar, / mais quer-lhe-la malada esnarigar* (*Esc.* 144-2). Nas *Cantigas de Santa María* advírtese unha clara preferencia por *lles o* sobre *lle-lo* (12:2), tanto en estrutura marcada pola interpolación coma en secuencia normal: *diss’ enton a seu padre que logo sse casaria. / [...] / Con aquel crerig’. E disse a ssa madre que manaman / por el logo enviasse e chamassen un capelan / que lles a[s] juras fezesse* (*CSM* 125.65); *e as gentes fez vïir, / e mostrou-lles o miragre* (*CSM* 272.58); os únicos rexistros de *lle-lo* danse en estrutura non marcada: *e nenbrou-lle-la paravla* (*CSM* 154.38), *e queimando-lle-las barvas e pois os grinões* (*CSM* 85.50).

Así como a *Traducción* presenta sempre *llo* para a amálgama dos dous pronomes, na combinatoria do pronome dativo co artigo determinado vacila, en cambio, entre *lle o* e *lles o*, con vantaxe para a segunda, que contabiliza dous tercios das ocorrencias. Nalgúns casos os contextos son idénticos: *enviarõ por todas suas gentes que veesẽ a Burgos. Et cõtoulles o conde todo aquilo que lle auya conteçudo et en cõmo todo passara. Et dissolle o conde: [...]* (*Trad.* 107.78-80); *Et Bernaldo entõçe fallou cõ Orios Godos et o conde Tiobalte et dissoles, contandole o que queria fazer: Condes, [...]* (*Trad.* 28.58). Pero os mais dos exemplos de *lle o* atopámoslos en esquemas nos que resulta sorprendente a presenza do singular, pois a construción do resto do texto favorece o uso do plural; mais, por doutra banda, semella neles que a acumulación de formas correferentes con marcas de plural facilita o singular nestes casos

⁴⁴ Os datos invalidan a hipótese de Huber, p.175, segundo a cal para explica-la existencia de *lhe* singular e plural “deve-se provavelmente partir das combinações *lhe-lo*, *lhela* < *lleslo*, *llesla*”, por vía dunha errónea segmentación. Cómpre lembrar que para el *lhes* procede de lat. ILLIS.

(de aí a relativa frecuencia nestes exemplos do dativo posesivo): *Et os cristãos combatiã cada dia a villa et fazianlljs muyto mal et ensarrauanos et tollianllj a uianda* (Trad. 356.21), *foy sobre elles et tomovlle a vila* (Trad. 530.4), *et cōmo mas demandastes uos para elles, et quan onradamente llas eu dey, per uosso mandado, por molleres* (Trad. 424.14), *som uiuas et saas [...]; et tomaronlhi as muas et os panos que llis eles nō derã* (Trad. 415.46; advértase a presenza posterior de *llis*). Pola contra, son poucos os exemplos de *lles* o semellantes ós anteriores; na súa grande maioría son do tipo *et dissolles o que vira* (Trad. 190.49), *Et dissolles o arçebispo* (Trad. 120.24), con distintos verbos de lingua. Tamén parecen adoptar esta forma os que conteñen unha interpolación: *como lles o Çide mandou* (Trad. 269.2), *aquelo que llis o Çide dizia* (Trad. 378.27).

Esta é tamén a forma escollida polos tradutores da *Crónica Troiana* e da *General Estoria*, na que só se rexistra unha excepción con *lle o*, cos verbos *poñer nome* e *chamar* ‘dar nome’⁴⁵: *por que diserō aaterra Yonjo et aos moradores yonyos; et poseronlle os gregos este outro nome de mayns, et chamarōlle os elladicos* (GE 77.6); os tradutores optaron, polo tanto, por mante-la marca de plural mais cunha forma distinta á preferida en ámbolos textos para a combinatoria dos pronomes.

Tamén é a forma dos *Miragres* (3 exs.), cunha soa excepción, quizais provocada pola presenza inmediatamente anterior de *llo*, a forma xeral do texto para a amálgama co pronome: *Entō lles começou a dizer cōmo o tomara a nuve [...]. Et despois que llo ouve todo cōtado o que lle cōteçera, mostroulle a çinta et tãta que eles virō a çinta conosçerōla* (MS 233).

Nos documentos, os únicos rexistros en combinatoria co artigo manteñen separadamente as dúas formas: *darles ó bispo... a lles ó bispo á dar* (1267 Portomarín, Sponer 150.9-11), *defenderles o señorío* (1324 Caldas, Martínez 107.5). Chamámo-la atención sobre a infrecuencia da marca de plural na forma pronominal illada na derradeira localidade.

Coidamos que o que acontece co artigo proba claramente que *lle-lo* é máis serodia. Na época en que *lle* significa ‘lle, lles’ entra en combinación co pronome acusativo e dá lugar a unhas formas amalgamadas que se trasmiten con esa secuencia fonemática e perduran un certo tempo dentro da zona de *lles*. Mais co artigo non acontece iso, pois nunca chegou a formar unha unidade nova co pronome con que entrou en secuencia, de aí que ambos manteñan a súa individualidade. Naturalmente, en virtude do seu comportamento morfolóxico, o artigo foi estendendo o alomorfo /lo/, equiparando *lles o* a *no-lo* e *vo-lo*.

2.2.2. Aos coitados nunca lles erra

Tódolos datos apuntan a que a duplicación nominal / pronominal é un fenómeno relativamente recente, polo que non debe sorprender que a presenza dunha frase correferente co pronome, en calquera posición, sexa minoritaria nos primeiros textos. A infrecuencia é aínda

⁴⁵ Das nosas referencias á presenza destes verbos en exemplos con *lle* non debe inferirse que a construción con plural non é posible: *Et aestas agoas que vam assy departidas chamãlles estes nomes que avemos dito, et desde se ajuntam todos en hum dizenlles oNylo* (GE 177.28), *En terra d’Ouriente son sete serras coudaes, et dizëlles assy: Coutos, Digna, Comete, Libanus, Armonius, Rrodiãns, Cafunis* (CT 367.2).

maior cando a frase preposicional se traslada para o inicio do enunciado, pois contrasta fortemente coa práctica moderna, que, sobre usar con grande frecuencia esta estrutura de relevo, ten practicamente automatizada neste esquema a presenza do pronome átono.

Con todo e seren escasos, non faltan rexistros. Ó longo da época estudada, a situación pode describirse como segue:

a) Coa frase preposicional anticipada os exemplos rarean, mais ata certa altura semella constante *lles*: *a meus amigos digo-lhis assy* (*Amor* 051-004), *Aos mouros que aqui son / Don Alvaro ren non lhis dá* (*Esc.* 120-004), *ós que lho dizen diz-lhis el enton* (*Esc.* 006-007), *a todos quantos entravan / por vee-la lles dizia aquilo en que pecavan* (*CSM* 343.36), *às donas prougue-lles deste feyto* (*CSM* 241.19), *et aos que lla tragiã nõ lles fazi[a] mal nēhũu* (*Trad.* 199.20). Non poden considerarse excepción á regularidade de *lles* exemplos coma *a todo escudeiro que pede don / as mais das gentes lle chaman segrel* (*Esc.* 002-018), pois a pesar da xeneralización a tódolos individuos da clase *escudeiro*, concertou en tódalas épocas do idioma en singular.

Na *General Estoria*, xunto a abundantísimos exemplos de *lles*, rexistramos dous de uso de *lle* con significado de plural: un deles pode explicarse pola presenza do distributivo na frase preposicional correferente (*et os tēpera acada hũ cōmo lle faz mester*, *GE* 93.21); o outro non ten explicación por esta vía, a pesar do verbo *diserō* ‘chamaron, deron nome’, pois non hai unha denominación dada a cada un dos elementos do grupo senón ó conxunto (*et aas estrelas diserōlle ese nome estrelas de ester, porque estaban ficadas ño firmamēto et quedas*, *GE* 95.25)⁴⁶.

Os únicos rexistros da *Crónica Troiana* e dos *Miragres* tamén presentan *lles*: *Et aos gregos prōuuolles ende muyto* (*CT* 464.76), *et aos pobres mādoulles dar algo* (*MS* 99.7), *Et a elles aprouvelles moyto* (*MS* 206.15).

A pesar da escasez de exemplos, parece que esa constancia non se mantén nos mesmos textos cando se trata da concorrencia do dativo con pronome acusativo ou con artigo: dunha banda atopámo-lo comportamento da *Traducción*, que para a combinatoria dos dous pronomes presenta sempre *llo* (*ca he razō, aos que bē fazē, de llo razoar*, *Trad.* 546.100; *ou aos que uēessem cō o fogo, por llo uedar esse passo*, *Trad.* 597.8); doutra, o modelo das *Cantigas de Santa María*, que mantén o plural mesmo ante artigo determinado (*aos que vee coitados nunca lle-la porta serra*, *CSM* 379.57).

b) Co sintagma correferente anticipado como tópico e sen preposición, os exemplos parecen algo máis abundantes e xa desde os primeiros textos mostran o claro predominio de *lles*. Esta é a única forma nos escasos exemplos de *Amor*, *CSM*, *Escarnio*, *Traducción*, *General Estoria* e *Miragres*, dos que damos algunhas mostras: *Os que me soían coitar / foi-*

⁴⁶ Actualmente, dentro da área que usa habitualmente *lles*, observamos que é relativamente frecuente o uso de *lle* por *lles* co verbo *chamar* ‘denominar’: *nunhas taloiras que había, unhas tascas lle chamaban* (Ouselle-Becerreá-LU), *había alí unhas que lle chamabamo-las Carrafoucas* (Xustás-Cospeito-LU), *escornábanos e dábanos... cuturrados lle chamabamos nosoutros* (Os Vilares-Guitiriz-LU). En realidade estase informando sobre a denominación dunha clase de individuos, de aí posiblemente o uso do singular.

lhes mia senhor descubrir (Amor 013-002), *Aquestes mouros que nos assi cercaron, dá-lles tu maa cima desto* (CSM 264.43), *Os que m'oen cada dia [...] de grado lles contaria* (CSM 66.9), *e os que lhi devian a peitar, / peita-lhis el* (Esc. 071-006), *E quantos m' est' a mi dit' an / que non posso comer d' amor, / dé-lhis Deus tan gran sabor / com' end' eu ei* (Esc. 127-006), *Os porteyros, quando esta rrazõ oyrom, prouguellis ende muyto* (Trad. 85.22), *Et elles quando llo oyrom pesoulles moyto* (GE 50.5), *Et estas tendas dizêlles em latym magalia* (GE 89.27), *et os que auia saña cõ dereito et que deitara de si, perdooulles* (MS 100.1), *Et aqueles que veedes das sobrepelizes, chamãlles coengos rreglâtes* (MS 110.14). En cambio, no único exemplo de concorrencia co acusativo en *Escarnio*, rexistramos *lho* e non *lhelo*: *Os que trabalhan de servir / el-Rei, por tirar galardon, / se do seu band' ou seus son, / logo punhan de lho partir*. (Esc. 118-007). Ante o artigo, en *Miragres* rexístrase tamén *lles*: *Et eles quando forõ ençima do mõte chegoules a noyte* (MS 177.11).

A constancia a favor do plural nestes textos é máis notable cando concorren circunstancias textuais que actualmente semellan propicia-lo uso do singular, tales como a presenza do distributivo (*Cada un deles quando s'espertou / quanto lles ela disse lles nenbrou*, CSM 259.22), a inclusión de *lles* en cláusula de relativo introducida por *que* (CI) sen preposición⁴⁷ (*Et fezo en ella quatro fillos, que lles chamauã per nume: dom Garçia, (et) dom Ordoño, dom Fruella [et] dom Gonçaluo*, Trad. 21.25), ou que a frase correferente sexa composta por coordinación (*Et Adam et Eua en sua vida aspera que aviã et en sua synnerdade enque erã plougolles moyto cõ estes dous fillos*, GE 9.29).

Nos Cancioneiros atopamos un único rexistro de *lle* 'lles': *Os grandes nossos amores, / que mi e vós sempr' ouvemos, / nunca lhi cima fezemos, / coma Brancafrol e Flores* (Ami. 070-039M). Nos documentos estudados atopamos un só exemplo deste esquema, tamén el en singular, localizado na zona en que esta era a forma previsible: *que todos aqueles et aque-las que trouveren vindiçon ao dito lugar que lle seja quita alcauala* (1441 Caldas de Reis, Bouza-Brey 101.18).

Non semella, por tanto, que este contexto sintáctico favorecese a maior presenza dunha ou outra formas, pois o comportamento non difire sensiblemente do descrito en 2.2.1.

2.2.3. En todo lles faz mercee aos seus servos

O esquema tampouco é moi abundante, mais os datos avalan unha vez máis a grande constancia no emprego da forma de plural: *dá-lhis mentiras, en paz e en guerra, / a seus cavaleiros* (Esc. 106-007), *e diré-lles a quantos son / que mi-o non poderam provar* (Amor 097-041), *Ca ben lles diss'o convento a todos que* (CSM 245.125), *en todo lles faz mercee aos seus servos a Virgen* (CSM 354.3), *diserõlles este nome pastores aaqueles rreys por rrazõ de*

⁴⁷ Téñase en conta, ademais, que cada fillo recibe seu nome. Actualmente, dentro da "área lucense" é frecuentísimo o uso de *lle* por *lles* neste tipo de cláusulas de relativo, moi usadas na lingua coloquial en toda Galicia; a frecuencia do singular aumenta se asemade concorre o verbo *chamar*: *Había alí unhas que lle chamabamolas Carrafoucás* (Xustás-Cospeito-LU), *Poñían unhas herbas que lle chamaban margaritas* (Ferreira-O Valadouro-LU), *e había casas que eínda daban así ben de comer, había outras que lle facía moita falta* (Cazás-Xermade-LU).

Josep et de seus yrmãos que (GE 153.2), *cōmo vierã ante Adam outra vez por quelles chamasse acada hūas seus nomēs* (GE 40.16), *et que lles paguē vynte mrs. a cada hūa que lles deuja dante* (1414 Lugo, Maia 42.16), *et pido lles et rogo [...] aos señores et persoas et coēgos do dito cabjdoo que* (1414 Lugo, Maia 42.22), *et lles dou poder aos ditos pobres* (1424 Muros, Lamas 26.2), *que lles a elas e a cada hua delas perteeçer* (1438 Noia, Martínez 98), *que lles dou, [...] ao dito espital et pobres del et a seu procurador en seu nome* (1444 Muros, Lamas 79.28). A forza de *lles* leva a usalo como plural *ad sensum*: *lles [...] ao mosteiro sobredito* (1281 Caldelas, Maia 55.16). Segundo se advirte nos exemplos anteriores, *lles* mantense aínda cando a frase preposicional contén un distributivo. Tardiamente, coma en § 2.2.1, rexistrámos tamén *lle*: *avía feyto de lle faser dar carta de pago e de nūçón aos fillos do dito Vasco Chico* (1457 Rianjo, Tato2 2209).

Na Traducción e na *Crónica Troiana*, que no esquema anterior só presentan *lles*, amosa timidamente o uso *lle* por *lles*, en condicións similares de comprensión e de afastamento entre o verbo e a frase preposicional ás dos rexistros da forma normal *lles*: *que llj faleceron casas aos pobladores* (Trad. 549.38), *et ben entendeu que lle prazía aos dioses que fose el uingado* (CT 479.22). O dato ten importancia, pois é neste esquema no que os falantes modernos da área luguesa usan con máis frecuencia *lle*.

Entre as excepcións á regularidade de uso de *lles* ocupan un lugar especial as debidas á existencia dunha frase composta como termo da frase preposicional, pois parece que nese caso *lle* pode suspender a expresión do número ou concertar só cun dos membros. Neste esquema dáse con certa frecuencia: *de dineyros que llj o dito abbade don Hanrique e o conuento deuanditos demandauã & buscauã aos ditos don Johan do Ramo & dom Johan d'Areas* (1281 Baiona, Maia 99.5); *que lle aplaga aos ditos Jacome Perez & sua moller ca llo tiñamos nos ia dado a lauor* (1310 Lourenzá, Maia 34.10); *por que lle nõ feze[se]m noio nēhūu a elle nē a nēhūus dos seus os mouroos da çidade* (Trad. 224.7), *et doulle abeber ael et asua compañía quanto quiserõ, et disolles* (GE 234.34; obsérvese a continuación a presenza de *lles*), *ca lle auía feyto muyto mal a el et a todo seu linagē* (CT 495.13), *sabede que lle queimaremos et a(e)stragaremos a el et a toda sua terra* (CT 23.28), *por quanto lle fiso a ela e ao dito seu marido graçia e merçed e lles soltou o foro de hūa casa* (1457 Rianjo, Tato2 2024). Cómpre advertir, con todo, que se trata de excepcións e que nos mesmos textos, en circunstancias idénticas, aparece usado o plural: *et Josefo lles chama ao primeyro Astenagos et ao postromeyro Tigrã* (GE 77.27)⁴⁸.

Para a concorrencia co pronome acusativo, anotamos un caso de *lleslo* relativamente tardío, nun texto notarial da área de *lles*: *quelles lo dese asy por testimoio signado para guarda de seu dereyto et acada hū delles et aos outros absentes vizñños et moradores da dita çibdade de Astorga* (1431 Lugo, Martínez 144.4). Na *Crónica Troiana*, para o mesmo, rexistrámos unicamente *llelo* e *lleslo* / *llesla*, que é a forma preferida en contexto non condicionado:

⁴⁸ Advirtase que neste caso o uso do singular estaría máis xustificado ca nos exemplos dados anteriormente, posto que un fillo recibe un nome e outro outro: *Josefo chama ó primeiro Astenagos e (Josefo) chama ó postromeiro Tigrán*.

ben llelo prometo aos dioses (CT 101.23), *eu llesla farey conprar carament aos troiños* (CT 378.7), *el gradeçéulleslo muyto a todos* (CT 250.7). En cambio, atopamos llo en textos occidentais relativamente tardíos: esa é a forma do único rexistro deste esquema en *CI* (*et o quería tirar a el rey et darllo aos ingleses et normandos*, CI 65.21), e con ela coinciden dous exemplos coetáneos da mesma área xeográfica (*porque las quere vender e arrēdar a outros*, 1457 Rianjo, Tato2 537); *para los / tener e gardar e dar aos ditos menores quando fosē de hedade cōprida*, 1457 Rianjo, Tato2 2225).

Na *Traducción* non demos atopado exemplos da amálgama dos dous pronomes, e só un ante artigo determinado, coa forma esperable *lles o*: *appareçeuilles o confessor Sancto Ysidro aos bispos* (Trad. 197.13).

2.2.4. Casos especiais

A presenza de *lles* pode darse mesmo cando o significado plural se expresa por medio de sintagmas formalmente singulares: *Ja m'eu quisera con meu mal calar, / mays que farey con tanto cousidor? / Aver-lles-ey mia fazend' a mostrar, / que non tennan que viv' eu sen amor?* (Amor 094-001), *qualquer deles nos fez quanto devia, / mais tant' é grand[e] a nossa folia, / que nulhas graças lhis ende non damos* (Esc. 60-4). E iso a pesar de que semella de regra a forma singular en referencia a *todo'omen* (Ami. 139-001), *quen quer que...* (Ami. 142-002), *quen...* (Esc. 56-14).

A este respecto é moi chamativa a concordancia entre colectivos e pronome dativo, en especial na lingua das CSM, onde o uso de *lles* é case de regra:

a) *Gente*: *E a gente toda foi alá poren, / E o convento lles contou o gran ben / que lles fez a Virgen* (CSM 226.63; tamén 104.49, 317.31, 419.38, 300.50, 351.36, 351.41, 131.78, 15.134; con *llelo* (pron.) 325.67). Tamén na *General Estoria* e nos *Miragres*, nos casos seguintes: *et desto ficou aaquela gente este nome quelles diserō despoys Judeos do nome del* (GE 70.24), *dizendolle quea gente que se ya aluorocãdo contra os ydolos et cōtra acréença deles quelles el rey dera, et lles ensynara aorar* (GE 146.29-30), *Et Sam Peri chamou a gente que y viera et disolles: -Vejouos de [...]* (MS 225.18).

b) *Mōesteiro*: *s' abriu / a terr' e o mōesteiro se somyu / que nulla ren del non poderon achar. / [...] / Adegas e vynnas con todo o seu, / ortas e moños, com' aprendi eu, / guardou ben a Virgen, e demais lles deu / todo quant' eles souberon demandar* (CSM 226.38; tamén 187.1, 48.17).

c) *Convento*: *E a gente toda foi alá poren, / E o convento lles contou o gran ben / que lles fez a Virgen* (CSM 226.64; tamén 59.86, 361.46, 94.122; con *lles o* (art.) 94.107).

d) *Compañia*: *(E)nquant' esta compaña santa assi obrava, / Deus toda-las sas cousas dous tant' acreçentava; / mais non lles dava fillo* (CSM 411.27).

e) *Poblo*: *mais o poblo lle pediu / que aquela sa omagen lles fezes' aly trager* (CSM 324.28).

f) *Linage: que sabas os termynos da terra que darey ao teulinage: [...], et darlles ey toda aterra que estes pobõos tẽ (GE 199.9).*

g) *Hoste: Et quando el oyo dizer que se a hoste tornaua, sobeiament cobijçaua de les buscar mal et pesar (CT 466.4).*

h) *Cauallaria: Et sabe que a tua cauallaria toda he morta et presa et basbaratada, et en forte ore lles tollische tua yda, et a grã oyta lles falische (CT 318.83).*

A concordancia en singular, minoritaria en CSM, é tamén posible: *Acordou, e o convento, des que o ben connoceu, / prougue-lle muito con ele (CSM 245.113); enton o convento deu end' aa Virgen loor, / porque lle atan ben deu quando mester avia (CSM 187.62), et aquel linãge chamauanlle alcaveyras (GE 95.25; advértase a presenza de chamar).*

Tamén adoita manterse *lles*, a pesar das excepcións, cando a frase é composta ou cando o pronome se refire a dous ou máis individuos que se mencionan separadamente: *Já de verdade / nen de lealdade / non ouço falar, / ca falsidade, / mentira e maldade / non lhis dá logar (Esc. 94-15; advértase, con todo, no mesmo exemplo, a concordancia do verbo dá en singular cun suxeito que se expresa cunha frase composta); -Que vos direi a Don Fernan de Meira / desse sinal, [...] / e a Joan d' Ambia? / Tornou-s' ela e dizia-m' outra vez: / -Dize-de-lhis ca chus negro é ca pez (Esc. 125-21); levaron a dona a hũa praça gran, / outrossi o mouro, [...] / Foron muí corrend', e tod'en derredor / lles poseron fogo (CSM 401.35). Naturalmente, só cabe singular en casos coma: Ome ou muller que souber / [...] / De como foi este feito e o non diz, dé-lle Deus / compridamente sa yra, e perça lume dos seus / ollos. (CSM 318.30).*

A constancia no uso de *lles* para plural e *lle* para singular permite xogos estilísticos que van da referencia ó individuo, como paradigma ou representante, á indicación do grupo, como base ou como apoio do individuo. Así ocorre en *Ora faz ost' o senhor de Navarra, onde interpretamos lle como singular e lles como plural: Ora faz ost' o senhor de Navarra, / pois en Proenç' est' el-Rei d' Aragon; / non lh' [ó señor de Navarra] an medo de pico nen de merra / Tarraçona, pero vezinhos son; / nen an medo de lhis [ós aragoneses, o rei de Navarra] poer boçon / e riir-s' an muit' Endurra e Darra; / mais, se Deus traj' o senhor de Monçon, / ben mi cuid' eu que a cunca lhis [ós navarros] varra. / Se lh' [ó rei de Navarra] o bon Rei varrê-la escudela / que de Pamplona oístes nomear, / mal ficará aquest' outr' en Todela, / que al non á [a] que olhos alçar (Esc. 80-1). Así ocorre tamén no seguinte fragmento, pois o uso de singular serve para salientar que, aínda que os fillos *lles* nacen ós dous, mórrenlle á nai a causa dos seus pecados: hũa moller morava que era prenn' ameude / [...] / De seu marido; mais ela, polas ss[u]as pecadillas, / quantos les nunca nacian, assi fillos come fillas, / todos lle morrián logo (CSM 184.12).*

3. CONCLUSIÓNS

Tras expoñermos como se foron xerando e sucedendo as distintas formas, e mailo uso que dunhas e outras se manifesta nos textos en relación co número, podemos tira-las seguintes conclusións:

3.1. As distintas variantes empregadas en cada un dos números *-le(s)*, *lle(s)*, *lli(s)*- responden non só a distintos estadios evolutivos entre ILLI e as formas modernas, senón a variantes diatópicas dentro da lingua medieval.

3.2. As formas de singular proceden do lat. ILLI e as formas de plural formáronse engadindo /s/ ó singular.

3.3. As formas rematadas en /s/ son as habituais desde os primeiros textos escritos para a expresión do plural, mais non en toda Galicia. A pervivencia de *lle* 'lles' móstrase como un trazo dialectal, que inicialmente caracteriza a lingua do cadrante suroccidental, e que en épocas máis tardías se vai estendendo fóra dese dominio. Ademais, poden rexistrarse na época medieval restos do uso primitivo noutras zonas.

3.4. A morfoloxía da amálgama co pronome acusativo non garda paralelismo coa concorrencia co artigo determinado. Para a primeira concluímos que *llelo*, aínda que se documenta desde os primeiros textos, compite fortemente, e só dentro da área de implantación de *lles*, con *llo*, a amálgama formada sobre *lle* 'lle, lles'; a outra variante, *lleslo*, é forma gráfica tardía. A área de *llelo* comezou sendo maior do que é na actualidade, pero o avance de *lle* 'lles' cara ó norte eliminou a base *lles* necesaria para que *llelo* puidera prosperar. En combinación co artigo, a lingua medieval coñece *lle-lo*, mais prefire claramente a independencia formal de pronome e determinante; coidamos que isto contribúe a demostrar que hai unha secuencia de feitos morfolóxicos desencadeados a partir da substitución de *lle* por *lles* como forma de plural, e por tanto nun tempo distinto ó de *nos*, *nolo*, *no-lo* e *vos*, *volo*, *vo-lo*.

3.5. A través dos textos en que conviven *lle* e *lles* para 'lles', apréciase que na escolla da forma singular poden influír algunhas condicións contextuais, tales como a presenza dun distributivo, que o referente estea expresado por medio dunha estrutura coordinada (copulativa ou disxuntiva) ou a concorrencia dos verbos *chamar* ou *dizer* 'dar nome'. Tamén se advirte que os nomes de colectividades provocaban a presenza do plural *lles* con moita maior frecuencia ca na actualidade.

3.6. Por tanto, o galego lucense é o continuador de tódalas innovacións que se estaban dando na etapa medieval: *lles*, e sobre ela *llelo* e *lle-lo*, gardando coherencia perfecta coa morfoloxía dos outros pronomes plurais (*nos*, *vos*), e co comportamento regular do pronome acusativo e do artigo determinado tras /s/. O galego de occidente e sur de Galicia continúa a etapa máis primitiva (*lle*, *llo*, *lle o*), que na Idade Media parece confinada á zona suroccidental, mais que xa no Séc. XV se advirte saíndo dese dominio e impedindo que nos territorios contiguos triunfen as innovacións. O portugués acolleu o paso de *lle* a *lles*, mais nel non chegaron a triunfa-los alomorfos do artigo e pronome fonoloxicamente condicionados por /s/, análogos dos que na mesma lingua se presentaban tras *nos* e *vos*; mantén por tanto, xunto

a *lles*, tamén usada ante artigo, a amálgama pronominal *llo*, herdada da etapa en que ILLI só tiña descendentes rematados en vocal.

ABREVIATURAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALGa*: Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego*, vol. II *Morfoloxía non verbal* (en prensa).
- Álvarez, *O pronome*: Rosario Álvarez, *O pronome persoal en galego*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago, 1980.
- Álvarez et alii, *Gramática*: Rosario Álvarez, Xosé Luís Regueira & Henrique Monteagudo, *Gramática Galega*, Ed. Galaxia, 1994⁵ [1986].
- Ami.* ou *Amigo*: José Joaquim Nunes, *Cantigas de Amigo dos trovadores galego-portugueses*, 3 vols., Lisboa, 1973.
- Amor*: José Joaquim Nunes, *Cantigas de Amor dos trovadores galego-portugueses*, Lisboa, 1972.
- Arraianos*: X.L. Méndez Ferrín, *Arraianos*, Ed. Xerais de Galicia, 1991.
- Barcelos*: A. Gomes Pereira, *Tradições Populares, Linguagem e Toponymia de Barcellos*, Livraria Espozendense Editora, Espozende, 1916.
- Begonte*: Xosé Graña Núñez, *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*, Tese de licenciatura (iné dita), Fac. de Filoloxía, Univ. de Santiago, marzo 1983.
- BolRAG*: “Colección de documentos históricos”, sección do *Boletín da Real Academia Gallega*, A Coruña.
- Bouza-Brey: Fermín Bouza-Brey Trillo, *El Señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su marquesado (1461-1655)*, Santiago de Compostela, 1965.
- CA*: Carolina Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, 2 vols., 1990 (reimpresión da ed. de Halle 1904).
- Câmara*: Joaquim Mattoso Câmara Jr., *História e estrutura da língua portuguesa*, 3 ed., Rio de Janeiro, 1979.
- Castelo Rodrigo*: Luis Felipe Lindley Cintra, *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do século XIII*, Lisboa 1959 [hai ed. facsímile: Lisboa, 1984].
- CBN*: *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*.
- CI* ou *Iria*: Jesús Carro García, *Corónica de Santa Maria de Iria (códice gallego del siglo XV)*, Edición, prólogo, notas y glosario, Santiago de Compostela, 1951.
- CSM*: Walter Mettmann, *Afonso X, o Sábio. Cantigas de Santa Maria*, 2 vols., Vigo 1981.
- CT* ou *Crónica Troiana*: Ramón Lorenzo, *Crónica Troiana*, A Coruña, 1985.
- Cunha & Cintra*: Celso Cunha & Lindley Cintra, *Nova gramática do português contemporâneo*, Lisboa, 1984.
- Domínguez*: Juan Domínguez Fontela, “Documentos arcaicos gallegos del Códice de minutas del notario de Bayona de Miñor, Alvaro Eans das Eiras o Alvaro Yans da Seira, a principios del siglo XV, transcritos por...”, in *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, pp. 116, 233-240, 257-261.
- Duro*: Emilio Duro Peña, *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Ourense, 1977.
- Esc.* ou *Escarnio*: Manuel R. Lapa, *Cantigas d’ escarnho e de maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo, 1070.
- GE* ou *General Estoria*: Ramón Martínez López, *General Estoria (versión gallega del siglo XIV)*, Oviedo, 1963.
- Hermida*: Carme Hermida Gullías, “O alomorfo *lo* do artigo nas cantigas medievais”, en *Cadernos da Lingua*, 4, 1991.
- Huber*: Joseph Huber, *Gramática do português antigo* [Trad. de *Altportugiesisches Elementarbuch*], Lisboa, 1986.
- Justo*: María Xosé Justo Martín e Manuel Lucas Alvarez, *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da Serie BENS do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537)*. Edición diplomática, Santiago de Compostela, 1991.

- Lamas: Adela Lamas Carballo, *Edición dos Documentos do Espital dos Pobres da Vila de Muros*, Memoria de licenciatura (inérita), Universidade de Santiago de Compostela, s.d.
- LT ou *Tristán*: José L. Pensado Tomé, *Fragmento de un "Livro de Tristán" galaico-portugués*, Santiago de Compostela, 1962.
- Lucas: Manuel Lucas Alvarez e Pedro Pablo Lucas Domínguez, *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*, Santiago de Compostela, 1988.
- Maia: Clarinda de Azevedo Maia, *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referêncía à situação do galego moderno)*, Coimbra, 1986.
- Martín: Begoña Martín Acero, *Edición dalgúns documentos do mosteiro de Montederramo*, Memoria de licenciatura (inérita), Universidade de Santiago, 1985.
- Martínez: Andrés Martínez Salazar, *Documentos Gallegos de los siglos XIII as XVI*, La Coruña, 1911.
- Mateus et aliae: Maria Helena Mira Mateus e aliae, *Gramática da Língua portuguesa*, Coimbra, 1983 (3 ed. 1992).
- Mattos e Silva: Rosa Virginia Mattos e Silva, *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1989.
- Méndez: Luz Méndez Fernández, *Contribución ó estudio dun libro das tenzas da Catedral de Santiago. Edición crítica e estudio dos folios 1 a 27*, Memoria de licenciatura (inérita), Universidade de Santiago de Compostela, 1991.
- MS ou *Miragres*: José L. Pensado, *Miragres de Santiago*, Madrid, 1958.
- Nunes: José Joaquim Nunes, *Compêndio de gramática histórica portuguesa. Fonética e morfologia*, 8 ed., Lisboa, 1975.
- Opúsculos*: José Leite de Vasconcellos, *Opúsculos. Vol.II Dialectologia*, Parte I, Coimbra, 1928.
- RAG & ILG, *Normas*: Real Academia Galega & Instituto da Língua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 1982.
- Relíquias*: Antonio R. López, *As reliquias*, Ed. Xerais, 1991.
- Rodríguez: Angel Rodríguez González e José Armas Castro, *Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435)*, Santiago de Compostela, 1992.
- Sarria: María Xosé López Castro, *A fala de Sarria (Lier, Calvor, Castelo). Estudio fonético e léxico*, Tese de licenciatura (inérita), Fac. Filoloxía, Univ. de Santiago, xuño 1990.
- Silveira, *Lições*: Sousa da Silveira, *Lições de português*, 9 ed., Rio de Janeiro.
- Sponer: Margot Sponer, "Documentos antigos de Galicia", en *Anuari de l'Oficina Románica de Lingüística i Literatura*, vol. VII, 1934 (1935), pp. 113-192.
- TA ou *Albeiteria*: Juan Domínguez Fontela, "Códice de Albeitería de Jordán Rubio de Calabria. Traducción gallega del siglo XIV", in *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI, 238, 302-309; XI, 239, 345-352; XI, 240, 395-402; XI, 241, 451-458; XI, 242, 495-502; XI, 243, 543-550 (1938) e XII 13-20, 93-100, 109-114, 261-264 (1939).
- Tato1: Fernando R. Tato Plaza, *Léxico das Actas do concello de Santiago (1416-1422). Glosario (A-D), texto e concordancia*, Memoria de licenciatura (inérita), Universidade de Santiago, 1986.
- Tato2: Fernando R. Tato Plaza, *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos (séc.XV)*, Tese de doutoramento (inérita), Universidade de Santiago, 1994.

Trad. ou Traducción: Ramón Lorenzo, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario, 2 vols., Ourense, 1977.

Trailer: Francisco Alonso, *Trailer*, Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1991.

Vasconcellos, *Esquisse:* José Leite de Vasconcellos, *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*, 3 ed., Lisboa, 1987.

Williams: Edwin B. Williams, *Do latim ao português* [Trad. de *From Latin to portuguese*], Rio de Janeiro, 1975³.

Zolle: Xosé Luís Vázquez Somoza, *O galego en Zolle (Guntín)*, Tese de Licenciatura (inédita), Universidade de Santiago, 1986.